

C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Reff/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle*



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA  
CORPORACIÓN MUNICIPAL, O DÍA 25 DE ABRIL DO ANO 2016.**

**Membros que asisten:**

**Alcalde-presidente:** Manuel Santos Ruiz Rivas (grupo m. P.P.)

- Fabiola García Martínez (grupo m. P.P.)  
- Manuel Emilio Pérez Outeiral . (grupo m. P.P.)  
- María Esther Patiño Rey (grupo m. P.P.)  
- María Herminia Pouso Maneiro. (grupo m. P.P.)  
- Anxo Orellán Fernández. (grupo m. P.P.)  
- Víctor Reiriz Lampón. (grupo m. P.P.)  
- Elvira Pereira Ageitos. (grupo m. P.P.)

-Xosé Antonio Vázquez Cobas. (grupo m.BNG)  
- Luis Antonio Pérez Barral. (grupo m. BNG)  
-Pilar Sampedro Laranga. (grupo m. BNG)  
-Xosé Antón Parada Fernández. (grupo m. BNG)

- José Manuel Vilas Alvarez (grupo m. PSdeG-PSOE)  
- María de la Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE)  
- Manuel Antonio García Pérez (grupo m. PSdeG-PSOE)

- Asier Casais Alvarez (grupo m. C's)  
- Juan José Chouza Sampedro (grupo m. C's)  
- María José Brión Diaz (grupo m. C's)

- María Rosa Natividad García Pose (grupo m. IPdeR)  
- Manuel González Lijó (grupo m. IPdeR)

- María Dolores Elorduy Callón. (Concelleira non adscrita).

**Asiste o interventor accidental do concello** (decreto 20-05-11): Jorge González Mariño.

**Asiste o secretario xeral do concello:** Juan Manuel Salguero del Valle.

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Riveira, sendo as **vinte horas do luns 25 de abril de 2016** (previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde o 21-04-2016) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde os membros do Pleno enumerados, e coa asistencia do secretario xeral que suscribe e da fe.

Ábrese a sesión pola presidencia ás vinte horas e cinco minutos, e pásase a tratar os seguintes puntos da orde do día:

**1.- APROBACIÓN, SE PROcede, ACTA SESIÓN ORDINARIA 28 DE MARZO DE 2016.**

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2016.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente pregunta ós/as Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algúnhha observación a acta correspondente á **sesión ordinaria do día 28 de marzo de 2016.**

**Aberto o debate**, desenvólvese así:

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG - PSOE) dí que na acta do 28 de marzo de 2016 quere correxir unha palabra; na páxina 28 na penúltima línea onde dí: “convivencia”, debe dicir: “connivencia”.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que se da por aprobada coa corrección correspondente.




Non hai votación expresa.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos presentes, sen que se produzcan observacións nin manifestacións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

**Resulta aprobada por unanimidade dos presentes esta acta do pleno:**

-Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2016.

**2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE RIVEIRA.**



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref/Secretaria Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle*



O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que un dos obxetivos da Comisión Europea é precisamente que este tipo de infraestructuras puidera servir para tamén empresas que levaran establecido mais de 24 meses, sin embargo, a nós se nos advirteu no mes de abril por parte da Cámara de Comercio de Santiago, que o que había firmado có Fondo Feder da Fundación Incyde, preveía un tempo máximo de estancia dun ano mais un ano de prórroga, é dicir, dous, entón, a suxerencia vai no sentido de que sendo Feder os fondos que financiaron esa obra é intención durante estos primeiros anos que se supervisa por Europa a obra, pois, non ter problemas có que foi a subvención, no caso de poñer tal como tiñamos agora, pois, non sabemos o que podería dar, porque volvo a repetir, cá Fundación Incyde o Feder aprobaron o que lle digo, unha vez que nos puxeron en coñecemento esto, pois, ante a posibilidade hipotética de poñer en risco os fondos que foron financiados nun 90% aproximadamente, pois, é polo que se prevé ou se suprime a posibilidade de que estén empresas de mais de dous anos.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Vista a Proposta de Alcaldía en relación á modificación da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresas de Riveira.", de data 13 de abril de 2016, que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca, e Turismo de 20 de abril de 2016, que consta no expediente na sesión.

**Aberto o debate**, desenvólvese así:

O concelleiro Juan José Chouza Sampedro (portavoz do grupo m. C's) dí: no artigo 3 das modificáisons, gustaría me que a ser posible no apartado a) se empece poñendo prioritariamente: Empresas novas que comecen a súa actividade no Viveiro de empresas "prioritariamente"; é dicir, por si non hai sitio e hai outras empresas, pois, que teñan prioridade ás de nova creación.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que ao leer soamente o artigo 3, igual incide a confusión porque na Ordenanza se establece precisamente a puntuación para poder entrar, quero decir, que hai a viabilidade do proxecto, creación de emprego. A Ordenanza dí: viabilidade técnica e económica da actividade 5 puntos; postos de traballo indefinidos xerados 5 puntos; carácter innovador da actividade 3 puntos; empresa nova 5 puntos; empresa recente 3 puntos.

**Pásase á votación ordinaria do asunto**, sobre modificación da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresas, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinte e un (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, tres votos dos concelleiros do grupo municipal C's, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e un voto da concelleira non adscrita).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.


**Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.**

**O Pleno do Concello de Riveira**, visto o expediente tramitado; vista a Proposta de Alcaldía en relación á modificación da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresas de Riveira.”, de data 13 de abril de 2016; e o dictamen favorable da Comisión informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca, e Turismo de 20 de abril de 2016; por unanimidade dos seus membros, **acorda**:

Logo da devandita exposición pública do acordo do Pleno da Corporación, relativo á aprobación da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresas de Riveira na sesión celebrada o 26.10.15, detectouse un erro na redacción da citada ordenanza, formúlase dende esta Alcaldía a necesidade de modificar o apartado 1 do artigo 3 da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresas de Riveira.

Redacción segundo acordo do Pleno da Corporación na sesión celebrada o 26.10.15:

**ORDENANZA REGULADORA DO VIVEIRO DE EMPRESAS DE RIVEIRA.**



**Artigo 3.- Beneficiarios**

1. Poderán ser beneficiarios do Viveiro de Empresas os emprendedores e/ou empresas que cumpran os seguintes requisitos:

a. Empresas novas que comecen a súa actividade no Viveiro de empresas. Estas empresas terán prazo dun mes desde a adxudicación para xustificar o inicio da actividade.


b. Empresas de recente creación. Empresas xa existentes cunha antigüidade máxima do negocio de 24 meses desde o inicio da actividade ata a data de presentación da solicitude. Considerarase como inicio de actividade a data que figure no modelo 036 da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

c. Empresas xa constituídas cunha antigüidade no negocio superior a 24 meses.

d. Emprendedores que necesiten un espazo adecuado para estudar e preparar o seu proxecto (máximo 3 meses).


Modificación que se propón:

**Artigo 3.- Beneficiarios**



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle*



1. Poderán ser beneficiarios do Viveiro de Empresas os emprendedores e/ou empresas que cumpran os seguintes requisitos:
- a. Empresas novas que comecen a súa actividade no Viveiro de empresas. Estas empresas terán prazo dun mes desde a adxudicación para xustificar o inicio da actividade.
  - b. Empresas de recente creación. Empresas xa existentes cunha antigüidade máxima do negocio de 24 meses desde o inicio da actividade ata a data de presentación da solicitude. Considerarase como inicio de actividade a data que figure no modelo 036 da Axencia Estatal da Administración Tributaria.
  - c. Emprendedores que necesiten un espazo adecuado para estudar e preparar o seu proxecto (máximo 3 meses).

Visto o anterior, o Pleno da Corporación adopta os seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobación da modificación da seguinte Ordenanza:

- **Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresas de Riveira..**

**Segundo:** Que se proceda a exposición pública da ordenanza fiscal inicialmente aprobada no Taboleiro de Anuncios do Concello durante trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinala e interpoñer, no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas perante o Pleno. O inicio da exposición deberá ser igualmente publicado no BOP.

**Terceiro:** Transcorrido o período de exposición pública, e no caso de que non se tiveran interposto reclamacións durante o mesmo, o acordo ata entónces provisional elevarase automaticamente á categoría de definitivo sen necesidade dun novo acordo Plenario.

En caso de existir reclamacións, o Pleno deberá tomalas en consideración e decidir sobre a súa procedencia.

**Cuarto:** En todo caso, o texto definitivo ou a modificación da Ordenanza precisará para a súa entrada en vigor ser publicado integralmente no BOP.

**3.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. BNG PRESENTADA POR XOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ COBAS, EN RELACIÓN Á ELABORACIÓN DUN REGULAMENTO DE AGASALLOS E OBSEQUIOS, ASÍ COMO A CREACIÓN DUN REXISTRO PÚBLICO DOS MESMOS.**

O concelleiro portavoz Sr. Vázquez Cobas do grupo m. BNG, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data abril de 2016 (rex entr. 12-04-2016, nº 4.063) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os veciños e veciñas do Concello de Ribeira deben ter nos seus cargos públicos e nas administracións públicas un espello de responsabilidade, austeridade e honestidade. Tendo como base estes principios estamos seguros e seguras de que se reforzará a confianza na integridade, obxectividade e imparcialidade das institucións públicas. Cremos que debe existir un maior control e transparencia sobre os agasallos que reciben os concelleiros e concelleiras do goberno así como as doazóns e agasallos que recibe o Concello de Ribeira como tal. Esta transparencia e control será un xermolo para evitar suspicacias e acrecentar a transparencia. Ao mesmo tempo xerará maior seguridade na custodia daqueles que, polas súas características, pasen a formar parte do patrimonio municipal de toda a veciñanza.

Por iso, o grupo municipal do BNG de Ribeira, solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS

1º.- Que se elabore un borrador de Regulamento de Agasallos e Obsequios.

2º.- Que dito regulamento inclúa a creación dun Rexistro Público dos agasallos e obsequios así como a xestión dos mesmos.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais, en sesión celebrada o día 20/04/2016.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira M<sup>a</sup> Dolores Elorduy Callón (non adscrita) quen dí: confío na honestidade de tódolos aquí presentes, pero si hai que elaborar un borrador de Regulamento de agasallos para non levantar suspicacias e dar mais tranquilidade aos cidadáns non vou a ser eu a que esté en contra.

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) dí: levo moitos anos neste Concello e teño que decir que creo que salvo excepcións que ao mellor as puidó haber, non vin ningún concelleiro tanto da oposición como do Goberno que se distinguise por haber tido unha imaxe ou facer actividades que non foran as adecuadas ao posto que cumplía. Parécelle ben que se aprobase un borrador de Regulamento ou a emenda que tamén hai. A creación dun rexistro público de agasallos, terá que explicar un pouco mais o concelleiro porque que eu saiba a maior parte dos agasallos que teñen presencia física ou que se poden tocar están inventariados, polo tanto, non sei exactamente a que se refire con rexistro público porque os bens inventariables poden ser esixidos, vistos, ou mirados por calquer cidadán de Riveira. Pensa que tódolos concelleiros da Corporación, incluídos os da oposición, están dispostos a facer e a cumplir o que se acorde neste regulamento.



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle*



O concelleiro Juan José Chouza Sampedro (portavoz do grupo m. C's) dí que van a votar afirmativamente esta moción porque entenden que todo o que sexa transparencia vai a ser do agrado das persoas e dos grupos municipais. Tamén queremos recordar que temos pendente decreto de transparencia do ano pasado porque unha das partes non está cumplida; pide que lle dea unha volta a este tema e finalizar có asunto. Van a plantexar unha moción o mes que ven pero si vostede (Sr. Alcalde) o arranxa, entón, obviamente, non presentarán nada.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: queremos engadir que o Regulamento inclúa os regalos que se reciben e, tamén, un apartado dos regalos que se fan en nome do Concello a outras Entidades e persoas xurídicas.

A concelleira Herminia Pouso Maneiro (portavoz do grupo m. PP) dí: pola nosa parte Sr. Cobas, presentamos unha emenda, que estando dacordo en dotar de maior transparencia e de disipar calquier tipo de dúbida que poidan ter os cidadáns, sobre cargos electos, como de calquier traballador municipal.

En canto ao sentido da transacción propoñen:


- *Propoñer a elaboración dun código ético de cargos electos e traballadores que prestan servizo no Concello de Riveira.*
- *Dar conta ao Pleno da Corporación da relación de donacións, agasallos e obsequios que reciba o Concello e da ubicación dos mesmos cando se refirian a elementos artísticos ou susceptibles de seren inventariados.*

Continúa decindo: sabemos como decía a Sra. García Pose que, efectivamente, sí se incorpora ao inventario municipal, pero bueno, sería convinte que se dera conta tamén neste Pleno a parte de que se publique na páxina web municipal. Decírlles tamén, por outra parte, que a través da 19/2013 a Lei de Transparencia, acceso á información pública e bó goberno, que tamén é aplicable ás Entidades Locais; nesa Lei dí que os altos cargos e os membros da Xunta de Goberno Local “non aceptarán para si regalos que superen os usos habituais, sociais, ou de cortesía, nin favores ou servizos en condicións ventaxosas que podan condicionar o desenvolvemento das súas funcións. No caso de obsequios dunha maior relevancia institucional procederase a súa incorporación ao patrimonio da administración pública correspondente”. No mesmo sentido tamén se pronuncia o artigo 54.6 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, cando impón que “se rexitará calquer agasallo, favor ou servizo en condicións ventaxosas que vaia mais aló dos usos habituais, sociais e de cortesía, sen prexuízo do establecido no Código Penal”. Polo tanto, nós estando dacordo con dar si cabe maior transparencia, sí propoñemos traballar na elaboración dese Código Ético, na elaboración deste Regulamento, que marque unhas cantidades como tope, que podíamos estar falando de 50 euros ou incluso menos si queren, así como establecer todos aqueles trámites a seguir en caso de que por parte dalgún

concelleiro que non ten por qué ser do Goberno, pode ser concelleiro de calquer grupo que forma parte desta Corporación, pois, que se de conta e que, efectivamente, si supera ese valor que consideremos que se estableza nese Regulamento, se faga entrega á Institución que neste caso sería o Concello de Riveira, e cando se trate dalgún tipo de obxectos perecedoiros, que teñan unha caducidade, calquer cuestión vinculada con alimentos, pois, tamén xestionar nese caso eses agasallos a través de SS.SS.. Esperando contar có apoio e cá aceptación desta emenda.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) en térmos de réplica dí: bueno, Sra. Herminia, básicamente estamos dacordo, o que pasa é que nós por exemplo, os grupos políticos xa todos firmamos un código ético antes de ser concelleiros. O que pido é un Regulamento que nos afecta mais a nivel institucional, incluso mais a nivel administrativo. Claro, a Sra. Rosa, me decía que explicara un pouco mais, pois sí, o ámbito de aplicación deste Regulamento, penso eu que sería os concelleiros, non solo os concelleiros do Goberno senón os concelleiros, o Alcalde, o persoal eventual, os funcionarios que están directamente implicados en moitas cousas. Quizá a diferenza entre o que propón a Sra. Herminia na súa emenda e o que digo eu, se refire básicamente a transparencia porque eu o que digo é un rexistro informatizado, un rexistro de libre acceso que esté na páxina web, claro, efectivamente cás limitacións que marca a Lei de Protección de datos, que ahí estaría o carácter do regalo, o remitente, a data, o motivo, a descripción, incluso podía ter unha foto, por exemplo, o lugar no que está depositado; si é un ben como decía ela que se pode donar, pois, a Entidade á que se donou, e estarían tamén os regalos institucionais que se dan en función do cargo, pois, o Alcalde, por exemplo; e estarían tamén, como ben dixo ela, os regalos incidentais, é decir, que son regalos ao mellor inferiores a 50 euros, por exemplo, como ela decía, e que sendo esa cantidade, pois, que tranquilamente os pode disfrutar o concelleiro. Falaba antes tamén dos depósitos, pois, uns serían para beneficia, outros irían a este rexistro no que estarían perfectamente regulados. Vostede propón dar conta ao pleno, e nós falamos de acceso libre dos cidadáns, dos veciños e veciñas, propoñemos mais transparencia. Por suposto non teño ningún problema no que dí o Sr. Vilas, que inclúa os regalos que fai o Concello.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que cando falaba vostede na súa exposición de motivos, falaba solo de concelleiros, aquí quedou claro que evidentemente o ámbito de aplicación ten que ser tanto o Alcalde, como os concelleiros, como o persoal eventual que nomeou o Alcalde, como aquel funcionario ou persoal do Concello que o reciba polo feito de ser. Non temos inconvinte, non creo que haja diferenciación no que propón a Sra. Pouso, posto que o pleno todo o que ven tamén está na web municipal e todo o que ven aquí, é mais, eu teño aquí diante un Regulamento tipo que hai noutros moitos concellos no que, efectivamente, se distingue o que é un regalo institucional, é decir, calquer regalo ou recompensa que reciban os concelleiros ou o Alcalde de calquer medio público ou privado, alleo ao Concello en función do seu cargo; eso entenderase como regalos institucionais e son propiedade do Concello; e queda prohibida a aceptación privativa ou persoal destes presentes, salvo que sexan incidentais, e os incidentais poderán ser admitidos a título persoal, aqueles regalos cuio valor económico non sexa relevante, inferiores a 50



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle*

euros, que son expresións habituais de hospitalidade u outros beneficios de valor mínimo, sendo esto comunicado a quen vostedes consideren. O único que non me gustaría desta moción é que se poda transmitir á cidadanía de que é un feito habitual recibir algún tipo de regalo, primeiro porque é moi ocasional, segundo porque todos os que son regalos do Concello, é decir, básicamente son as obras que se nos deixan nas exposicións e están todos inventariados. En canto ao que poda recibir o concelleiro, pois, o pode recibir tanto o do grupo de Goberno como o que non o é, a min solo me ven á cabeza que cando un visita a Amicos lle da un repolo e tomates, que entraría no de perecederos, en ningún caso chega a 50 euros; e cando vamos á semana da cultura, pois, nos dan unha axenda a Asociación Francisco Lorenzo Mariño. Polo tanto, o feito de que se nos faga público ou no, as axendas que se nos dan polo feito desa cortesía, cando estamos invitados, pois, a nós non nos causa ningún problema, chámennle código ético, chámennle Regulamento. Eu lles paso un que está en castelán, que hoxe á maña adaptei a Riveira, e si con ese borrador xa podemos empezar a traballar, pois, non hai ningún inconvinte porque eu creo que tódolos concelleiros, cando menos os do meu Goberno, saben perfectamente diferenciar o que é un agasallo e o que poda ser outra cousa ben diferente, polo tanto, para nós tamén é unha tranquilidade que saiba a xente que non polo feito de ser concelleiro recibimos ningún tipo de regalo.

=====

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.), propón unha transaccional redactada da seguinte maneira:

“Que se elabore un Regulamento de agasallos e obsequios.”

=====

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (grupo m. BNG) acepta a transaccional.

=====

**O Sr. Alcalde somete a votación:**

**Transaccional redactada da seguinte maneira:**

Que se elabore un Regulamento de agasallos e obsequios.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a transaccional: *Que se elabore un Regulamento de agasallos e obsequios*, que o Sr. Vázquez Cobas do grupo m. BNG acepta, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos en contra : ningún.

-Abstencións: ninguna.

-Votos a favor : vinte e un (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo m. PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal Socialista, tres votos dos concelleiros do grupo municipal C's, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e un voto da concelleira non adscrita).

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

**O Pleno do Concello de Riveira**, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais, en sesión celebrada o día 20/04/2016, por unanimidade dos seus membros, acorda:

- Que se elabore un Regulamento de agasallos e obsequios.


**4.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. PSdeG-PSOE PRESENTADA POR MANUEL ANTONIO GARCÍA PÉREZ, SOBRE MEDIDAS PARA AVANZAR NA LAICIDADE DO ESTADO NO ÁMBITO MUNICIPAL.**

O concelleiro Sr. García Pérez do grupo m. PSdeG-PSOE, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data 12 de abril de 2016 (rex entr. 12-04-2016, nº 4.057) do seguinte tenor:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A laicidade é un sinal de identidade que é consubstancial á soberanía do poder civil, á liberdade individual e á democracia. Reivindicáronse históricas como a liberdade de conciencia e de cultos, a secularización dos cemiterios, o matrimonio civil e o divorcio, a liberdade de investigación, a educación laica e a non imposición da relixión no ensino ou a coeducación son conquistas dunha sociedade democrática e secularizada que hoxe son patrimonio compartido pola inmensa maioría da cidadanía.

Na última década, a igualdade de xénero, a regulación do aborto, o matrimonio de persoas do mesmo sexo, a investigación biótica e a educación para a cidadanía, toparon con fortes resistencias ante as que reafirmamos a liberdade de conciencia dos cidadáns e a soberanía do poder civil fronte a imposicións relixiosas.



C O N C E L L O  
DE  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle*

As conviccións de conciencia, relixiosas, agnósticas ou ateas son asunto privado, de cada persoa, da súa liberdade individual. Cada persoa é titular do dereito de liberdade ideolóxica e relixiosa. Pero o exercicio da liberdade de conciencia e relixiosa ten unha transcendencia pública inevitable. O feito relixioso contén dimensóns públicas, sociais, culturais e políticas. Por iso esixe unha política, con opcións e propostas consecuentes, proporcionando garantías e regulando o seu exercicio de maneira constitucionalmente adecuada.

A coherencia dunha democracia constitucional esixe un compromiso firme coa laicidade do Estado e así debería figurar explicitamente na Constitución. A pesar da consolidación das liberdades constitucionais, no noso país perduran tres grandes problemáticas cuxa revisión debe afrontarse sen dilación: a asimetria da arquitectura xurídica do dereito de liberdade relixiosa, o trato de favor á Igrexa católica con discriminación para as minorías, e a permanencia de numerosos elementos de confesionalidade do Estado en actos, símbolos e espazos públicos.

É por iso que na nosa proposta de reforma constitucional contemplamos, entre outros aspectos, a supresión da referencia á Igrexa católica do art. 16.3 da Constitución, por tratarse dunha esixencia do principio de laicidade e por ser absolutamente innecesaria e perturbadora desde a perspectiva do principio de neutralidade e da igualdade das confesións ante o Estado.

Con independencia do curso que poida ter no seu día e no seu caso a reforma constitucional, o Estado non pode discriminar aos seus cidadáns por motivos relixiosos; e a cooperación coas confesións debe facerse de tal modo que salvagarde a laicidade do Estado, a liberdade e a igualdade de todos os grupos relixiosos e dos non crentes. A xestión pública da diversidade relixiosa por parte de Concellos e Comunidades Autónomas é un poderoso instrumento para garantir en condicións de igualdade o exercicio da liberdade de conciencia, relixiosa e de culto.

A apertura de lugares de culto, a xestión dos cemiterios, as condicións da asistencia relixiosa en hospitais e residencias ou as previsións urbanísticas deben adecuarse a unha cidadanía diversa e plural, incluíndo nestes mesmos espazos aos cidadáns que non son crentes.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Ribeira, somete a votación esta PROPOSICIÓN para adoptar os seguintes ACORDOS:

- 1- Instar ó Congreso dos Deputados e ao próximo Goberno de España a impulsar unha nova Lei de Liberdade de Conciencia e Relixiosa que garanta a toda a cidadanía o dereito á liberdade de conciencia, á liberdade relixiosa e á liberdade de culto,

regulando as relacións coas diferentes confesións co fin estrito de respectar e protexer o dereito individual á liberdade relixiosa en pleno cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, pluralismo e non confesionalidade.

2- Instar ó Congreso dos Deputados e ao próximo Goberno de España a incorporar á lexislación criterios de actuación para as autoridades públicas en actos relixiosos, tamén nos ámbitos autonómico e local, para evitar a confusión ou a alianza entre a función pública e a relixiosa, a confesionalidade e a discriminación respecto doutras confesións ou grupos agnósticos ou ateos.

3- Instar ó Congreso dos Deputados e ao próximo Goberno de España a elaborar un protocolo para a organización de actos "in memoriam", de carácter civil, promovidos polas autoridades públicas con ocasión de catástrofes, homenaxes, falecemento de personalidades, atentados, etc.

4- Instar ó Congreso dos Deputados e ao próximo Goberno de España a establecer, de acordo coa Constitución, unha escola pública laica como garantía dos valores públicos e de respecto das crenzas privadas. A escola debe integrar no seu currículo o ensino dos valores públicos que consideramos a base da nosa cidadanía e que, por iso, han de ser cursados por todo o alumnado. De aí, que no modelo de escola pública non caiba a integración, nin no currículo nin no horario escolar, de ensinos confesionais. Para iso instamos a promover as reformas necesarias do marco legal actual, así como dos acordos internacionais.

5- Instar ó Congreso dos Deputados e ao próximo Goberno de España a reformar a regulación actual da LOMCE sobre valores sociais, culturais e éticos. A formación en contidos e valores de cidadanía non debe exporse de forma segmentada como se establece actualmente.

6- Instar ó Congreso dos Deputados e ao próximo Goberno de España a reclamar a titularidade do dominio ou doutros dereitos reais sobre os bens que desde 1998 foron inmatriculados a favor da Igrexa Católica, se dita inmatriculación se produciu sen a existencia dun título material e previo que xustifique a titularidade ao seu favor dodereito real sobre o ben inmóvel de que se trate, ou cando o mesmo sexa ou fose un ben non susceptible de propiedade privada por ser de dominio público, aínda no caso de que non estea catalogado formalmente como tal, se historicamente gozou desa presunción ou tratamento.

7- Instar ó Congreso dos Deputados e ao próximo Goberno de España a avanzar no establecemento do autofinanciamento das confesións relixiosas e establecer a fiscalizade xeral para aqueles bens das confesións relixiosas que non estean afectos a uso de culto ou social.

8- Conservar os símbolos relixiosos institucionais de edificios públicos cando se atopen en espazos destinados ao culto, ou cando formen parte dos elementos



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle*

estruturais, estéticos ou artísticos da edificación ou monumento. Os demais, previa catalogación e ditame, retiraranse.

9.- Incorporar, na medida do posible e gradualmente, referencias, actos e conmemoracións de carácter civil ao calendario oficial do municipio e a determinadas festividades locais.

10- Adoptar as medidas necesarias para que as tomas de posesión ou promesa de cargo se fagan unicamente ante un exemplar da Constitución.

11- Instar ó Congreso dos Deputados e ao próximo Goberno de España a proceder á denuncia dos Acordos de 1979 entre España e a Santa Sé e, ao seu termo, establecer un novo marco de relacións de acordo co principio de laicidade do Estado.

12- O Concello creará un Observatorio Municipal de Laicidade, aberto á participación dos grupos políticos municipais, asociacións e entidades cidadás co obxectivo de promover campañas informativas no ámbito municipal dirixidas a toda a cidadanía, sobre o significado da Laicidade, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Tolerancia, a liberdade de pensamento e de conciencia e, por tanto, a liberdade relixiosa, sobre o principio constitucional: "Ningunha confesión terá carácter estatal"."

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes, en sesión celebrada o día 20/04/2016.

Abrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen dí: a miña intervención vai a empezar un pouquín de forma irónica tendo o respecto que lle teño a Manolo, que fai moitos anos que o coñeo. Decir que se me presentan dúas cousas; primeiro, xa tedes claro que vades a perder as eleccións, cando decides instar ao próximo Goberno; segundo, o Congreso de Deputados non ten en realidade existencia, o mellor é que desaparezan os Deputados e os Senadores e gobernamos os Concellos que é moito mais democrático porque si realmente temos que decirllles nós a esa xente que nos trae un programa, que nos ven a pedir que lles votemos, logo o que teñen que facer, pois, me parece tremendo; terceiro, síntome moi orgullosa de vivir en Riveira e ser cidadana de Riveira porque o Concello no primeiro momento que se admitiu como legal os matrimonios civís, aquí fixéronse; non hai nin un solo símbolo relixioso dentro do Concello, vin a un Alcalde, que non era o Sr. Ruíz pero supoño que tamén iría, cando fixeron actividades outras relixións por unha manifestación na Praza do Concello, estaba alí presente, como estaba IPdeR; cando se fixo un banco de alimentos que non tiña nada que ver con institucións mais ou menos recoñecidas, era xente doutras creencias relixiosas, estaba a teniente de Alcalde Sra. Elorduy e tamén estaba IPdeR.

Quero que lle quede claro aos cidadáns de Riveira que a xente que participamos neste Concello somos moi respetuosos, independente das creencias relixiosas de cada un, que cando nos invitan participamos e respetamos as súas relixións. Respecto a todo esto que vos propoñedes; creo que queda clarísimo que o Congreso de Deputados e o próximo Goberno ten que cumplir o que dí a Constitución mentras non se cambie, o demais sobraba. Vou a decir outra cousa, xa que falades dos Deputados; o que decides me parece moi ben, pero quérovos recordar que o último Goberno Socialista puxo obrigatoria a asignatura de relixión no bacharelato, todavía non recuperei a vergoña; non se pode vir aquí decindo eso, que estou dacordo, que a Constitución dí moi claro como ten que ser este país e este Estado, e estou totalmente dacordo que a iglesia se ten que financiar por ela mesma, e eu son das que estou pedindo que se poña a casilla para investigación do cáncer porque me parece mais importante que financiar ou subvencionar a iglesia, pero tamén quero que os compañeiros do PSOE, que eu respeito, teñan en conta que ao seu partido lle teñen que tirar das orellas porque no Goberno bipartito (BNG – PSOE), fixeron fixos e ademáis por medio da Xunta non por medio de iglesia católica, a ensinanza de relixión nos colexios públicos. Coñezo xente que aprobou as oposicións e están dando relixión pero por unha norma ou un decreto, ou unha lei, o que fora, que quitou o Goberno bipartito, asumamos responsabilidades; segundo, aquí tiña unha cousa que creo que xa non sei si a vou a decir, que é o que firmaron o PSOE e C,s, e si agora resulta que lles temos que recordar cal é a obrigación deles cunha Constitución na man, non sei o que nos pode quedar para o día de maña.

O concelleiro Juan José Chouza Sampedro (portavoz do grupo m. C's) dí: estoume rindo porque me acaba de pisar parte do meu discurso pero como o tiña plantexado así o vou a plantexar así. Primeiro, dicir á Sra. García que o que vai a dicir que non o tome a mal. Por suposto C,s é un partido laico có cal prácticamente todo o que se di nesta moción, primeiro o contempla xa o artigo 16 da Constitución Española, como ben di a portavoz na emenda que vai a proponer o PP, có cal, prácticamente moito de todo o que hai aquí xa non da lugar porque xa o temos e estase cumplindo. Quero aproveitar esto, e esto que vou a dicir xa serve para a próxima moción presentada polo partido Socialista, e nós entendemos dende o grupo municipal, que non entendemos a existencia dalgunhos grupos municipais en traer a este pleno mocións que non están nas nosas mans solucionar, solucións que tódolos grupos políticos estamos tratando onde hai que tratalos, no Parlamento Nacional e nos Parlamentos Autonómicos. Na nosa opinión, o noso cometido é solucionar os problemas dos veciños de Riveira que podemos solucionar, votáronnos para elo e nelo dedicaremos o noso esforzo. Deixémonos de facer política de cara á galería, temos moito que cambiar e dediquémonos a elo, os veciños de Riveira seguro que o agradecerán.

O concelleiro Xosé Antón Parada Fernández (grupo m. BNG) dí: quero decir que este cravo bermello que temos aquí é, hoxe o 25 de abril, para conmemorar a revolução portuguesa. Sra. Rosa, vou a discrepar un pouco do seu discurso e aclarar un pouco o que explicou, o que quixo decir con tantos puntos, e que se podían resumir en menos, o Sr. García. Primeiro; un pouco de historia: as relacións entre o poder político e relixioso, veñen de finais da idade antiga e instaurouse ese principio de



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

*Rey Secretaria Xeral Juan Manuel Salguero del Valle*

relación na época de Teodosio, cando Teodosio proclamou como relixión única e oficial o cristianismo; entón, Teodosio comportouse como se comportou antes outros emperadores que quixeron eliminar o cristianismo; sempre hai unha guerra. O que fixeron foi trocar unha relixión oficial por outra, máis pouco despois foi Agustín de Hipona o que teorizou sobre a prevalencia do poder relixioso sobre o civil, nun libro que se chama De Civitate dei; e claro, aquí por encima está o poder relixioso porque claro a divinidade é moito mais que eso, entón, esto correu tinteiros de tinta sobre esto e Tertuliano e outros controversistas discutíronlle esto. Coñécese esta teoría e despois foi recollida curiosamente a partir de 1936 – 1937 por un señor que se coñece como "cesaropapismo", porque era Papa e mais era César.

A Lei do golpe de estado operado pola burguesía aristocrática, os terratenentes e o Xeneral Franco, en connivencia coa Igrexa contra a 2ª República, despois da guerra e da victoria dos fascistas, apoiados polos nazis de Hitler, a Igrexa católica voltou atrás 1400 anos na concepción do estado, substituindo a doutrina laica imperante despois da revolución francesa, polo césaropapismo agustiniano que tiñamos antes, é dicir, que volvemos para atrás. Isto son datos científicos. Para máis información, si queren saber teño dous artigos en A Nosa Terra titulados "O cristianismo como ideoloxía conservadora e conformista" e senón consulten a miña tese de licenciatura en teoloxía "A inflexión da ideoloxía cristiana no alto medioevo".

Non é o mesmo estado laico que estado aconfesional; o estado laico é aquel estado que non ten relación con ningunha relixión; o estado aconfesional é aquel que permite, coida e mantén a relixión pero evidentemente non unha sobre outra. Os estados modernos despois da revolución francesa e despois da II Guerra mundial, os estados modernos como son Francia, Alemania, Inglaterra, actualmente son estados laicos. A Constitución Española no artigo 16 foi redactado porque había unha presión con respecto á Igrexa católica moi determinada sobre algúns Ministros do réximen franquista que pertencían ao Opus Dei, por exemplo Adolfo Suárez. Introduciron este elemento dentro da Constitución e o PSOE nese momento por non quedar mal porque ainda tiña poder a Igrexa católica, tivo que achantar. Entón, nós estamos en contra destas cousas, nós o que queremos é un estado laico con tódalas consecuencias.

Estamos tamén, en contra das inmatriculacións, é dicir, tódolos Centros foron construídos non con cartos da Igrexa, senón con cartos do pobo e moitas veces có esforzo e có traballo do pobo.

Hai outros patrimonios da Humanidade que deben ser conservados tamén, pero todos estes deben ser por parte do Estado que é quen pode aportar porque no fondo cando a Igrexa ten problemas ten que subvencionar o Estado, pero en cambio cando a Igrexa ten cartos non se dedica a amañar as cousas que tiña que amañar.

Hai constancia de que houbo esa connivencia cando aínda manteñen nas Igrexas lápidas que pon: "Caído por Dios y por España".

Non esquezamos tampouco que aínda hai pouco se inaugurou aquí un pavillón de deportes e foi o Sr. Cura a bendecilo.

A concelleira Herminia Pouso Maneiro (portavoz do grupo m. PP) dí: agradecendo ao Sr. Parada esa ilustrativa charla que nos acaba de dar da historia, cando facía referencia a esa alianza entre o sector relixioso e o poder naquel


momento, creo que lle quedou a vostede no tinteiro tamén lembrar aquela matanza de paracuellos. Bueno, centrándonos na cuestión; decir que por parte deste grupo presentamos unha emenda.

En canto ao sentido da transacción propoñen:

- *O Pleno do Concello de Riveira reafirmase na vixencia do artigo 16 da Constitución Española de 1978, nomeadamente na garantía da liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto e na aconfesionalidade do Estado.*

Continúa decindo: aquí por parte dos diversos grupos políticos se dixerón moitas cousas. A Sra. García Pose referíase ao Sr. García do partido Socialista, decíndolle que daba por feito que dada a situación actual que estamos neste momento cun Goberno en funcións e pendentes de a ver que fai, a ver si no último momento o Sr. Sánchez consigue sairse con ese empeño que ten ao longo destos últimos meses de constituir ese Goberno contra natura, contra vento e marea, pois, salvo que haia unha sorpresa nese sentido, sabemos que se van a repetir eleccións porque non vai a quedar outra maneira de buscar solución ao problema que ten o país; polo tanto, eu creo que neste momento, estando cun Goberno en funcións non procede para nada plantexar estas cuestións, e menos nun pleno municipal, pero bueno, admitindo que calquier grupo pode ter liberdade para presentar as iniciativas que queira, decirlle Sr. García, que eu creo que o menos relevante que vostedes neste momento poidan sacar adiante esto neste salón de plenos, o relevante é que todos estos puntos que vostede relata nesta moción que hoxe presenta, leváronnos vostedes no seu programa electoral. Un programa electoral, Sr. García, que sí que foi sometido a examen e os cidadáns déronlle a peor nota ao partido Socialista despois de toda a súa traxectoria na historia mais recente deste país; pero é mais, eu creo que está vostede facendo unha emenda total ao seu propio grupo porque non debemos olvidarnos que durante 6 lexislaturas en España gobernou o partido Socialista, e gobernou con maiorías suficientes para acometer as reformas lexislativas, pero vostedes son dos que predican unha causa e despois cando teñen responsabilidades de Goberno nos sei porqué razóns fan a contraria, porque Sr. García, tendo todos estos principios tan claros, está vostede nesta moción con esta iniciativa falando de que aquí non se respeta ese estado aconfesional do Estado español, que non se respetan esos principios constitucionais, pois, dígame vostede ao longo de 6 lexislaturas que é polo que velou o partido Socialista dende o Goberno do Estado e que é o que fixo o partido Socialista referente a eses acordos da Santa Sede, porque tiveron vostedes tempo mais que suficiente para si querían rescindilos ou modificalos, levalo adiante.

Facía vostede referencia na súa intervención, na que pedía derogar esa Lei Orgánica da mellora da calidade educativa, que dí que foi aprobada en contra de todos. Falaba vostede de que foi aprobada en contra de profesores, de alumnos, de pais; é unha lei que foi aprobada no Congreso dos Deputados, Sr. García, sabemos que non contou có beneplácito do seu grupo, pero dende logo o que sí estaba claro é



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Sanguero del Valle*

que a problemática que tiñamos en educación neste país, e o enorme fracaso escolar que tiñamos no sistema educativo, había que buscarlle unha solución e cara a eso está enfocada precisamente a nova Lei que se elaborou de educación. ¿Qué pode ter cousas que non nos convenzan a todos, ou que pode ter cuestións que podan ser mellorables?. Completamente dacordo. Pero, cando hai responsabilidades de Goberno e cando o outro grupo está na oposición, tamén debe de asumir as propias responsabilidades e, digamos, que debe de facer as aportacións en positivo e non empecinarse un en que si as cousas van mal ou si hai un fracaso educativo alto, persistir no aro e continuar coas mesmas políticas que ao longo de anos foron dando resultados que non eran os desexados.

Por outra parte, eu creo que esta iniciativa xa lle decían aquí por parte doutros grupos, decíalle o Sr. Chouza de Ciudadanos, e decíallo tamén a Sra. García Pose, é unha iniciativa que eu penso que non é unha cuestión que lle preocupe neste momento aos veciños de Riveira; falaba vostede dun problema de convivencia, Sr. García, levamos moitos anos convivindo xa en democracia e convivindo en paz e en armonía, sendo tremendamente respetuosos con tódalas creencias relixiosas e acudindo como ben xa facía referencia a Sra. García Pose, a distintos actos que non son sempre realizados pola Iglesia católica. Decir mais, eu non sei que pretenden vostedes con estas iniciativas, a min as veces me veñen ideas de que son vostedes algo así como un pouco acomplexados en diversas cuestións ou que teñen vostedes medo a defender, pois, determinados principios, a defender e a sentirse orgullosos do país ao que pertencen e da historia que viviu este país. No noso grupo nos sentimos orgullosos de pertencer a este país, orgullosos da traxectoria deste país, e o que non somos capaces de entender é esa obsesión que teñen vostedes con respecto a determinadas creencias relixiosas ou con respecto a determinadas manifestacións. Parece que vostedes, agora con estos movementos da esquerda, cós que vostedes están dispostos a gobernar en calquer lugar onde se lles tercie e onde se lles plantexe, non teñen ningún tipo de culpa cando están pedindo que se supriman tradicións que levan desenvolvéndose ao longo da distinta xeografía española, tradicións que supoñen manifestacións relixiosas porque vostedes consideran que non se deben permitir como tales, e mesmo chegaron en casos como o Concello de Barcelona que por non permitir sair unha procesión á rúa tiveron que pedir eses cidadáns, pedir o dereito de manifestación e pedir ese permiso correspondente que o fixeron como dereito de manifestación. Deixando claro que todas estas cuestións están garantidas no marco constitucional, me pregunto tamén Sr. García, no punto 8 da súa proposición fala de conservar os símbolos relixiosos e institucionais en edificios públicos cando se atopen en espazos destinados ao culto. ¿Qué pasa Sr. García?. ¿Vaise vostede a cargar tódolos cruceiros de Galicia?, ¿vaise vostede Sr. García, a cargar as cruces todas que temos nos hórreos galegos?, ¿vaise vostede Sr. García, a toda esa arquitectura popular que está protexida, ademáis, pretende vostede que todo aquello que lle cheire a relixión porque estemos nun estado laico que queira vostede cargarse un patrimonio cultural impresionante que temos aquí?, mire, non entendemos, non somos capaces de entender como vostede pode vir con semellantes propostas ao pleno do Concello de

Riveira; non o vamos a aprobar e dende logo entendemos que non é a preocupación que teñen neste momento nin os veciños de Riveira, nin os cidadáns deste país.

O concelleiro Manuel Antonio García Pérez (grupo m. PSdeG-PSOE) en térmos de réplica dí: á Sra. García Pose quero contestarlle unha cousa, que precisamente ela se olvidou; cando gobernou o Sr. Zapatero, aquel que trouxo tódolos males que este país veu padecendo, pois, resulta que estableceu unha asignatura para a cidadanía, que vostede deixou de mencionar, pois ben, chegou este Goberno do Sr. Rajoy e rápidamente “se la cargó”, por exemplo este Ministro que agora foi premiado cunha canonxía en París xunto a súa parella.

Con respecto ao Sr. Chouza, portavoz de Ciudadanos, quero decir que estas cousas non é o mesmo que na Constitución se diga que o estado é aconfesional, que sexa laico, cambia absolutamente. Esto para nós é moi importante, e é convivir nun plano de igualdade tódalas confesións relixiosas, non solo unha; que no ámbito municipal que os actos relixiosos sexan onde teñen que ser pero non que sexan exclusivos da Igrexa católica, hai outras confesións aquí e teñen que repetirse como as demais, despois o Concello ten que facer os seus actos civís. Iso é o que queren dende o partido Socialista.

En canto ao Sr. Antón, que nos dou unha clase de historia aquí, que de cando en cando non está nada mal recordar algunas cousas; decir que estou dacordo có sentido da súa intervención, dado que pon na actualidade os problemas que ven padecendo a sociedade española; está dominada por unha confesión relixiosa, que non olvidemos que esta confesión relixiosa levou baixo palio ao dictador que tivemos durante 40 anos, polo tanto, eso é moi importante recordar.

Con respecto á Sra. Pouso a portavoz do PP; quero decirlle que estas iniciativas son precisamente para mellorar e para poñer en plano de igualdade e dereitos a tódolos cidadáns, non que solo unha parte dos cidadáns sexan respetados, teñen que ser todos respetados en plano de igualdade, polo tanto, estas iniciativas que o partido Socialista presenta aquí en Riveira, son precisamente para iso, para mellorar a convivencia, para que non haia unha superioridade duns sobre outros, eso é o que estamos dispostos a seguir traendo aquí, as cousas que creamos que son de interéss para tódolos cidadáns.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que solo dúas cousas antes de someter a emenda a votación, eu creo que por parte deste Goberno e de todo o seu grupo, e creo que de tódolos concelleiros, se da un respeito total a todas e cada unha das creencias que existen neste Concello; eu lle podo decir que igual que asisto, cada vez que me invitan a un acto relixioso da Igrexa católica, asistín o mesmo ao da Igrexa evangélica cando inaugurou a súa sede, cando nos invitan a calquer acto, e así o vamos a seguir facendo. Creemos que é o mais normal, igual que asistimos a calquier tipo de Asociación cando nos invitan, é unha forma de respetar aos nosos cidadáns e de respetar as súas creencias todas, independentemente de cal sexa ela, sempre que entre dentro do que a Constitución marca como límite das posicóns persoais.



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle*

*O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.),* dí que hai unha emenda sobre este asunto presentada pola concelleira Sra. Pouso Maneiro do grupo m. P.P., de data 25 de abril de 2016 (rex entr. 25-04-2016, nº 4.762), que se transcribe textual:

“O Pleno do Concello de Riveira reafirmase na vixencia do artigo 16 da Constitución Española de 1978, nomeadamente na garantía da liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto e na aconfesionalidade do Estado”.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a emenda presentada pola concelleira Sra. Pouso Maneiro do grupo m. P.P., de data 25 de abril de 2016 (rex entr. 25-04-2016, nº 4.762), dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

- Votos a favor: doce (12) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, tres votos dos concelleiros do grupo municipal C's, e un voto da concelleira non adscrita).
- Votos en contra: sete (7) votos (catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, e tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE).
- Abstencións: dúas (2) (duas dos concelleiros do grupo municipal IPdeR).

**Resulta aprobada por maioría absoluta dos seus membros.**

**O Pleno da Corporación Municipal**, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes, en sesión celebrada o día 20/04/2016; vista a emenda presentada pola concelleira Sra. Pouso Maneiro do grupo m. P.P., de data 25 de abril de 2016 (rex entr. 25-04-2016, nº 4.762) sobre medidas para avanzar na laicidade do Estado no ámbito municipal; por maioría absoluta dos seus membros; acorda:

Reafirmarse na vixencia do artigo 16 da Constitución Española de 1978, nomeadamente na garantía da liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto e na aconfesionalidade do Estado.

*O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.),* dí que non ha lugar a votar a moción ao aprobarse a emenda do grupo municipal do P.P.

#### **5.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. IPdER PRESENTADA POR ROSA GARCÍA POSE, INTERESANDO MELLORAS EN PARROQUIAS.**

A concelleira Sra. García Pose do grupo m. IPdER, da lectura á moción presentada por ela en nome deste grupo, de data 14 de abril de 2016 (rex entr. 14-04-2016, nº 4.203) do seguinte tenor:

“A estas alturas, 2016, este grupo municipal, non entende como áinda calquer cidadán se pode encontrar con situacions como as que vou intentar describir nesta proposición, acompañase de fotos ilustrativas e reais.


Na rúa ou pista que vai de Sabartán a Listres as tapas dos sumideiros cando chove se levantan e así quedan, ata que alguén as pon no seu sitio, non é unha vez senon que se repite demasiadas veces, ante esto nos preguntamos: é un problema da empresa por non manter limpas as tuberías do alcantarillado?. Porqué non fan limpezas para que cando veñan as choivas non pase esto unha vez e outra?. Sabendo este problema, ou deberían saber porque non vixian para comprobar as que están levantadas e poñelas no seu sitio e así evitar accidentes de persoas e coches.

O mesmo ocorre cas rexas das augas pluviais, cheas de area, terra e demais desperdicios que non deixan recoller as augas da choiva e como consecuencia inundación e deterioro do firme, hai moiás nesas condicóns por Riveira.

IPdER trouxo unha proposta a este Pleno, no mandato do anterior Alcalde, de cambiar as placas que estaban en mal estado, non se leían na parroquia de Carreira, porque moitos veciños tiñan problemas ca correspondencia, ademáis, no 2016 non se pode ter as placas cos nomes das rúas dessa forma, non o merece nin Riveira, nin Carreira nin os veciños.

E outra mais na estrada Listres Aguiño, levan tres roturas das cañerías da auga en 15 días, rotura de beirarrúas, auga e moitas molestias para os veciños. Outra empresa que non busca solución, o final os veciños van pedir rebaixa nos recibos da auga en proporción os días que estiveron sen ela.

Por esto é polo que se lle pide ó Pleno aprobe os seguintes acordos:



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle*

Que os técnicos revisen as bases dos contratos das dúas empresas (lixo e alcantarillado e auga) para saber de quen é responsabilidade manter limpas as recollidas das augas pluviais e se nos informe os grupos para si é o caso pedir responsabilidades.

Cambiar as placas que nomean as rúas da parroquia de Carreira, no prazo mais corto de tempo.

Esixir á empresa responsable, que cando hai unha rotura dunha cañería, amañala e repoñer os desperfectos no momento e non deixar pasar días có sitio marcado cunhas vallas.

Si é posible que a empresa responsable faga unha revisión das tapas de sumidoiros do alcantarillado e busque solución para que non se levanten continuamente.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 20/04/2016.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira M<sup>a</sup> Dolores Elorduy Callón (non adscrita) quen dí: que a Sra. García Pose ten toda a razón pero que non sabe o difícilísimo que é, porque xa lle pasou a ela cando estaba de concelleira de obras, conseguir que esas dúas empresas sexan capaces de aclarar cal é competencia de cal. De todas formas vai a apoiar a proposición.

O concelleiro Juan José Chouza Sampedro (portavoz do grupo m. C's) dí: que van a votar a favor.

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: queremos comentar que estamos totalmente de acordo; e redundando que por parte do servizo de obras municipal se faga unha revisión destes contratos e se esixa a responsabilidade a estas empresas concesionarias, e bueno, que o Concello faga o mantemento para repoñer tamén esas placas que están dañadas.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: que tamén están de acuerdo con esta proposición, ímola a votar a favor. Eu son veciño de Carreira, as deficiencias que se enumeran aquí son de Carreira, tamén algunas de Aguiño no límite, é verdade, é sangrante o que pasa na recta cás tuberías da auga alí, eso é unha cousa que eu paso por alí con moita frecuencia e día sí e día tamén, estamos con beirarrúas levantadas; enfín, creo que eso merecía arranxarse pero vamos dunha maneira si é posible rápida; o mais axiña posible. Despois quería comentar outra cousa con respecto ás placas; que ten razón a Sra. Pose que hai moitas placas que están mal, e outras, unha gran parte delas están sin as letras, que se lles foron as letras, eu non sei si é, algunha xa se repuxo, en Carreiriña que se repuxo, pero hai outras que non, non sei si este tipo de placas serán boas para aguantar porque polo

que se ve non é sólo na parroquia de Carreira hai outras zonas que as letras váselles moi rápido. Imos a votar a favor.

O concelleiro Víctor Reiriz Lampón (grupo m. PP) dí: darlle as gracias, ante todo, á Sra. Rosa porque vexo que está sempre preocupada pola miña parroquia. No tema da Guía do alcantarillado de a quen lle corresponde ter competencias ahí, é a empresa Viaqua a través dende a rexilla para abajo, da rexilla á beirarrúa lle corresponde a outro departamento. Posto en contacto con eles, o principal de todo é saber cales están atascadas, porque si temos coñecemento das que están atascadas se lles da o recado e non creo que tarden unha semana en que vaian a limpálas.

No tema das placas, ten boa memoria o Sr. Cobas, que a primeira en cambiala foi en Carreiriña fai xustamente 5 anos, foi unha das primeiras cousas que se fixeron na parroquia cando empezamos nós neste grupo. Adiantáronse un pouquín a nós porque xa tiñamos pensado cambiar placas en moitísimos sitios, eu creo que a Sra. Rosa a veces léenos o pensamento, esto non é broma porque xa o temos falado, incluso xa hai unha proposta de gastos para esas placas, non solo a de Carreira senón as das demais parroquias.

O tema das roturas de augas de Listres, pois, ten toda a razón do mundo, pero non se reparan en 24 horas, faise a reparación inmediata e esta nun marxe de tempo aberto por si segue habendo fuga ou pérdida, logo teñen que votarlle un pouquín de hormigón, e ten que esperar a que frague para volver a colocar a beirarrúa, non se fai todo en 24 horas, hai que darlle un marxe de tempo, eso non é se pisa e queda, ten que fraguar.


Con respecto ao último punto que era o tema da revisión dos sumidoiros; sabemos que este inverno non solo a nivel Carreira – Aguiño, nas demais parroquias tamén choveu, choveu en todos os lados e os alcantarillados non deron abasto, agora coa nova rede de saneamento fixérонse os tanques de tormenta que son unhos aliviadeiros desa auga sobrante e confiemos que ese problema teña o arranxo con esos tanques de tormenta.

Despois, ten toda a razón cando dí que se levanta a alcantarilla cás choivas; a alcantarilla queda ahí ata que alguén a volva a colocar, efectivamente, pero ahí o importante non é pasar por onde está a alcantarilla levantada, sacarlle unha foto, e subila ao Facebook, o importante é comunicar onde está a alcantarilla levantada, así ninguén atopa augas, ninguén mete a roda, nin ninguén mete nada, simplemente dar a información, e lle aseguro que nun máximo de 15 minutos queda arranxada. Van a aprobar a moción.

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) en térmos de réplica dí: si aprobades eu quero que sexa para amañala non para que quede así. Entendo que IPdeR ten un papel moi fundamental neste Concello, pero o que non vai a facer é sustituir os concelleiros do Goberno vixiendo polos de IPdeR.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que, efectivamente, hai unha parte onde hai controversia, pero o que é rexillas entendemos que é Viaqua, de todas formas hai dúas empresas: Lagares e Etisa, que van a controlar o que son os contratos tanto de basuras como de auga, e polo tanto, vaise a facer cumplir en función precisamente do análisis deses contactos.

Decir, que esta mesma semana cambiáronse algunas das placas, en concreto,



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

*Reff Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle*

*CCS  
PES*

a de Outeiro, Vilar, e vanse a seguir cambiando. De todas formas, si saben dalgúphia que esté deteriorada, pois, lle agradecemos que o digan.

En canto ao que está ocurrido en Listres, é algo moi similar ao que ocurriu en Martín, eu creo que é unha forma de presionar da empresa porque a empresa sabe que ten a obrigación de repáralo, é o que fai, eu creo que por lóxica o que debería fazer é cambiar todo ese tramo, sustituir un cemento por outro, pero bueno, estaban negociando, a ver si dunha vez por todas collen un bó cacho e o arranxan porque non é de recibo que aqueles veciños teñan 8, 9 e 10 reparacións ao longo dun ano, a parte de que despois a auga chega turbia, etc.

Por último, o das tapas, o que decía o Sr. Reiriz, eu espero que cando entre a funcionar, digamos, tanto o pozo de tormenta de Areeiros como xa definitivo o que é de Aguiño debería de mellorar, e esperemos que así sexa.

**Pásase á votación ordinaria do asunto**, segundo a proposición da Sra. García Pose, interesando melloras en parroquias, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

- Votos a favor: vinte e un (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, tres votos dos concelleiros do grupo municipal C's, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e un voto da concelleira non adscrita).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: ningunha.

**Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.**

**O Pleno do Concello de Riveira**, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 20/04/2016, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Que os Técnicos revisen as bases dos contratos das dúas empresas (lixo e alcantarillado e auga) para saber de quen é responsabilidade manter limpas as recollidas das augas pluviais e se informe aos grupos para si é o caso pedir responsabilidades.

Cambiar as placas, que non se leen, que nomean as rúas da parroquia de Carreira, no prazo mais corto de tempo.

Esixir á empresa responsable, que cando hai unha rotura dunha cañería, amañala e repoñer os desperfectos no momento e non deixar pasar días có sitio marcado cunhas vallas.

Si é posible que a empresa responsable faga unha revisión das tapas de sumidoiros do alcantarillado e busque solución para que non se levanten continuamente.

**6.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. PSdeG-PSOE PRESENTADA POR ALMUDENA BASOCO MARIÑO, SOBRE UNIVERSALIZACIÓN DO DEREITO Á ASISTENCIA SANITARIA PÚBLICA E RECUPERACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE SANIDADE.**

A concelleira Sra. Basoco Mariño do grupo m. PSdeG-PSOE, da lectura á moción presentada por ela en nome deste grupo, de data 13 de abril de 2016 (rex entr. 13-04-2016, nº 4.149) do seguinte tenor:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

El ámbito subjetivo del derecho a la protección de la salud fue profundamente modificado por este Gobierno mediante el Real Decreto-ley 16/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes para garantizar la sostenibilidad del Sistema Nacional de Salud y mejorar la calidad y seguridad de sus prestaciones.

Con esta modificación se alteró una norma de consenso que se había plasmado, en 2003, en el artículo 3 de la Ley de Cohesión y Calidad del Sistema Nacional de Salud. Retrocediendo en el largo camino recorrido hasta entonces, se volvió a vincular el derecho a la asistencia sanitaria pública gratuita con la Seguridad Social. Consagra de vuelta la figura del «asegurado» como sujeto del derecho a la protección de la salud. El Real Decreto-ley 16/2012, derogó tácitamente los preceptos de la Ley General de Salud Pública sobre extensión de la asistencia sanitaria, dejando sin cobertura sanitaria directa a los profesionales y a todos aquellos que no tengan ningún vínculo con la Seguridad Social —e, incluso, a los descendientes de asegurados mayores de 26 años—, cuyos ingresos superen un determinado límite que la norma no precisa. Pero lo más grave es la expulsión de la cobertura pública sanitaria de los extranjeros sin permiso de residencia, con las graves consecuencias que implica en términos de salud individual, salud colectiva o salud pública, además del recorte de derechos que supone y que no respeta principios constitucionales como es el de la dignidad de la persona.

Desde el primer día, todos los profesionales sanitarios, partidos políticos, sindicatos y organizaciones sociales han rechazado esta reforma que altera la vocación de universalidad de nuestro Sistema Nacional de Salud. Asimismo, varias comunidades autónomas han rechazado excluir a los inmigrantes en situación irregular del acceso a las prestaciones sanitarias, recurriendo la reforma al Tribunal Constitucional, y otras han establecido programas gratuitos de acceso a la cartera básica de servicios sanitarios para este colectivo.



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle*

*[Handwritten signature]*

Por otra parte, el Gobierno de España siguió cercenando en este tiempo el derecho a la cobertura sanitaria de los españoles. Mediante modificaciones legislativas incluidas en la Ley de Presupuestos Generales del Estado para el año 2014, se modificó la cobertura sanitaria de los españoles que hubieran agotado las prestaciones del sistema de protección por desempleo, que perderían su derecho a asistencia sanitaria en nuestro país si salen de España por tiempo superior a 90 días, incluso para buscar trabajo o formación. La presente iniciativa pretende reponer la situación jurídica previa a la promulgación del Real Decreto-ley citado.

Tras los años de aplicación de este sistema de exclusión no se ha podido acreditar ahorro alguno para el sistema sanitario, pero sí existen acreditados numerosos casos en que la falta de acceso normalizado a la asistencia sanitaria ha concluido con personas que han visto agravadas sus enfermedades y otras que incluso han perdido la vida tras serle rechazada la posibilidad de ser asistidos por un médico. Un balance cruel basado en la imposición tan inútil como injusta que urge rectificar.

Evidentemente, la recuperación de la universalidad del derecho a la asistencia sanitaria, siendo el más importante de los aspectos de la política sanitaria que hay que rectificar no es ni mucho menos el único. Como en otros ámbitos, el retroceso vivido requerirá de la oportuna modificación, primero normativa, y posteriormente de gestión, relacionada con el refuerzo de la gestión pública del sistema, la mayor coordinación con las Comunidades Autónomas, la convergencia hacia una cartera común de servicios para la toda la ciudadanía, así como otras medidas que deberán ser impulsadas por el Gobierno y consensuadas por las fuerzas políticas.

*Por todo ello, el Grupo Municipal Socialista en el Ayuntamiento de Ribeira somete a votación la siguiente MOCIÓN para ser aprobada y en la que se insta al Gobierno de España a:*

«Derogar el Real Decreto Ley16/2012 para restablecer la universalidad de la cobertura del Sistema Nacional de Salud y, procurando el consenso con el máximo de fuerzas parlamentarias y Comunidades autónomas, reformar la legislación sanitaria para asegurar la sostenibilidad de un sistema sanitario público, universal, de calidad, gratuito, con equidad en el acceso por parte de los ciudadanos, con una misma cartera básica de servicios para toda la ciudadanía en un marco de amplia descentralización.»

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo, en sesión celebrada o día 20/04/2016.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar o concelleiro Manuel González Lijó (grupo m. IPdeR) quen dí: en canto a esta proposición do grupo PSdeG-PSOE, sobre a universalización do dereito á asistencia, no fundamental estamos dacordo en todo; na ubicación do decreto por parte do Goberno nese momento foi unha política cortoplacista e economicista que nese momento solucionou o problema pero a colacidade de moitas enfermedades provoca que neste momento haia enfermedades que costa moiísimo mais curalas que no momento haberlle dado unha medicación a estos pacientes. Hai que potenciar a sanidade pública e non dinamizala e, por iso, van a aceptar e apoiar esta moción.

O concelleiro Juan José Chouza Sampedro (portavoz do grupo m. C's) dí: sin ánimo de ningunha acritude volvo a reiterar o que dixen antes; este tipo de mocións, sinceiramente, creo que hai que tratalas noutro sitio pero tamén quero recordarlle aos srs. do partido Socialista que salvo error que eu me haia confundido, temos firmado un acordo con eles, Cidadáns, no cal tamén, polo medio se fala moiísimo do tema de sanidade, moiísimo, e tomeime a molestia de traer parte dos puntos que realmente non aparecen na moción. Insisto sen ánimo e sen ningunha acritude, voullo a pasar para que os lean, e que opten por leelos, e que opten por retirar esta emenda, por eu dende logo voume a abster. Eu normalmente os pactos que fago os cumplo.

A concelleira Pilar Sampedro Laranga (grupo m. BNG) dí: ao longo dos anos do Goberno do PP, a verdade é que moitos dos dereitos dos cidadáns fóreronse perdendo; entre eles o dereito a sanidade pública. Nós como pobo os dereitos adquiridos sempre poden ser mellorados pero nunca se poden prohibir. Entón, polo tanto, vamos a votar a favor na moción presentada polo PSOE.

A concelleira Herminia Pouso Maneiro (portavoz do grupo m. PP) dí: ben Sra. Basoco, estando dacordo en que temos que conseguir entre todos que teñamos un sistema sanitario que sexa sostible, que cubra adecuadamente a demanda de toda a poboación, e que ten que garantir a parte da saúde individual hai que velar por esa saúde pública, teño que decirle que coincidindo con esas declaracíons de boas intencións e, dende logo, do que entendemos de boas políticas nas que se debe de traballar por parte de calquer Goberno, discrepamos enormemente de todo o que vostede dí ao longo da súa exposición de motivos.

Ten vostede en referencia a ese Real Decreto Lei 16/2012 que fala de que supuxo un retroceso na atención sanitaria; mire, nada mais lonxe da realidade. Sra. Basoco, debería vostede saber, vostede chega e presenta unha moción que lle manda o seu partido e seguramente non lle contan a verdade todo o que deixaron, de toda a problemática que quedou no país despois do goberno Socialista no ámbito sanitario, e seguramente o seu partido non lle contou que deixaron unha débeda de 16.000 millóns de euros despois de gobernar vostedes, cando saíron do goberno de facturas nos caixóns. Non sei si vostede considera que acumular débeda e non pagar farmacéuticas, pois, supón ter un sistema de saúde viable; eu entendo ou dende o PP entendemos que esa non é unha boa política e que iso non vai a garantir qué se lle poda prestar calidade, uns servizos sanitarios de calidade aos cidadáns. Houbo que facer reformas, evidentemente, e houbo que mellorar a xestión do que é todo o ámbito do sistema sanitario, fixose unha aposta e unhas novas políticas internas de medicamentos onde se implantaron e se pasou a utilizar de maneira mais importante,



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle*

de maneira mais numerosa, esa utilización de xenéricos, Sra. Basoco, seguramente que vostede tampouco lle contaron que cando Galicia foi unha das Comunidades pioneras na posta por utilización deses xenéricos, foi naquel momento o goberno Socialista de Madrid quen recurriu precisamente esa medida que se había posto en marcha polo goberno Galego, que o que estaban buscando precisamente era poder ter un sistema sanitario que fora sostible; parece ser que naquel momento o goberno Socialista ou naquel momento quen tiña responsabilidade do Ministerio de Sanidade preocupáballe mais defender os intereses de grandes laboratorios farmacéuticos nas farmacias, que non de defender precisamente unhas políticas que fixeran viable unha atención, un coidado e protección da saúde.

Fala vostede da universalidade da atención sanitaria e fala vostede tamén desa atención aos extranjeiros que están en situación irregular; mire, a universalidade nunca foi tal no sistema sanitario pero non é que a recortara esa atención universal o PP cando chegou ao Goberno, senón que mesmo si vostede antes de chegar ao PP examina quen tiña prestación de asistencia sanitaria dentro do ámbito da sanidade pública, pode ver perfectamente que había colectivos perfectamente diferenciados que non estaban incluídos nese sistema nacional de saúde. Estoume referindo a unhos colectivos que seguramente vostede coñecerá ou sí que lle soarán como poden ser os de Muface, como poden ser ISFAS, etc; a parte de que había outros colectivos de profesionais que acudían a instalar pola súa conta asegurados en Entidades que nada tiveran que ver con ese sistema nacional de saúde, polo tanto, partindo xa da base de que vostede na súa exposición de motivos fai un relato de cuestións que non se axustan á realidade e que non son a verdade da realidade que temos neste país, non podemos compartir para nada esa exposición.

Fala vostede tamén desa expulsión do sistema sanitario dos extranjeiros; mire, os extranjeiros deberán estar nunha situación regulada en España, pero aínda así sendo conscientes de que nos vamos a atopar con casos de que hai extranjeiros que están nunha situación irregular e que, polo tanto, temos un posible problema de saúde pública con estas persoas porque veñen doutros países, porque poden vir sin vacunar, porque poden transmitir enfermedades que aquí xa estaban erradicadas porque levamos moitos anos vacunando a nosa poboación, precisamente a esos pacientes se lles da cobertura a través de programas de saúde pública e Galicia ten un programa en marcha, no que a través dese programa de saúde pública deron unha atención precisa para atender a esta poboación que non tería cobertura no sistema nacional, e vostedes poderán ver como chegan numerosos extranjeiros as nosas costas sen ningún tipo de papel, moitas veces descoñecendo o seu país de orixen, e ver perfectamente a través dos medios de comunicación que esas persoas son atendidas e son derivadas cando veñen nunhas condicións nos que mostran unhos problemas de saúde, son atendidas debidamente en centros sanitarios. Temos cada vez mais medicamentos que están saíndo ao mercado, que teñen demostrado unhas propiedades de curación para determinadas enfermidades que calquer goberno que teña responsabilidade de gobernar un país, se ve na obriga de intentar suministrarllo aos pacientes para velar así e protexer a súa saúde, velar así por conservar unha boa calidade de vida.

Polo tanto, para rematar, queremos propoñerlle que nós mais que apostar por esa derogación dese Real Decreto que pide vostede, estaríamos a que se fixeran as modificacións precisas, que siga apostando pola universalidade da cobertura sanitaria do Sistema Nacional de Saúde e, procurando o máximo consenso cás forzas políticas do Parlamento español e das CC.AA., e reformar a lexislación sanitaria para asegurar a sostenibilidade dun sistema sanitario público. Eu creo que esa é a cuestión mais importante na que nos temos que centrar; buscar a forma e a maneira de dar un sistema sanitario público porque a calidade do noso sistema sanitario está fora de cuestión, está ben avaliado polos ciudadáns, está ben valorado dende o extranxeiro e tamén decirlle que, efectivamente, nesa política de atencióne as persoas que marchan ao extranxeiro, velouse sobretodo para aquel mal uso que se estaba facendo dos recursos sanitarios españois, Sra. Basoco, en persoas que estaban no noso país, proveintes doutros países europeos, estaban traballando en España e marchaban e retornaban aos seus países de orixe e unha vez que terminaban o periodo que tiñan dereito a ter a atención cuberta desa sanidade dentro do sistema sanitario español, seguían facendo un uso sin límite de defensa por parte desa tarxeta sanitaria, có cal, esas persoas que están nos seus países de orixe europeos, teñen o dereito de estar atendidos sanitariamente polos seus países de orixe e, polo tanto, o que temos que velar nós é porque se faga unha boa utilización dos recursos de tódolos ciudadáns.


---

*A concelleira Herminia Pouso Maneiro (portavoz do grupo m. PP) propón que a proposición da concelleira Sra. Basoco Mariño do grupo m. PSdeG-PSOE, sobre universalización do dereito á asistencia sanitaria pública e recuperación do sistema público de sanidade; quede redactado como se transcribe textualmente:*

Modificar el Real Decreto Ley16/2012 para restablecer la universalidad de la cobertura del Sistema Nacional de Salud y, procurando el máximo consenso de fuerzas parlamentarias y Comunidades autónomas, reformar la legislación sanitaria para asegurar la sostenibilidad de un sistema sanitario público, universal, de calidad, gratuito, con equidad en el acceso por parte de los ciudadanos, con una misma cartera básica de servicios para toda la ciudadanía en un marco de amplia descentralización.

---

*A concelleira Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE) en termos de réplica dí: en primeiro lugar recordarle ó Sr. Chouza, que os ciudadáns de Riveira tamén teñen voz e o dereito a manifestarse e instar este tipo de mociones dende o ámbito municipal e, dende logo, dende o partido Socialista creemos que é moi positivo levar dende aquí este tipo de iniciativas, entón, dar por contestado ao seu alegato.*





C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salgueiro del Valle*

En canto ao que aquí se expuxo, decir que áinda que é moi apetitoso que haxa empresas privadas en torno ó ámbito sanitario o certo é que a saúde é un ben que está por riba da economía e ten que ser o Estado o que garantice a súa protección, tal e como ven consagrado no artigo 43 da Constitución Española.

O que non nos parece de recibo é que se desmantele a sanidade e se permita que sucedan casos como os da Hepatitis C, no que están sendo investigados na nosa Comunidade Autónoma dous altos cargos da Xunta, ante a morte de varias persoas pola negativa dun tratamento.

Pois ben, sabemos dos recortes, dos numerosos recortes, dos problemas que se veñen dando, sendo estes últimos problemas os mais graves ata o de agora, eu creo que o que non podemos consentir é que se chegue ó punto de que por querer levar a cabo un plan de aforro e racionalización do gasto, tratando de cumplir có déficit, se deixe morrer á xente.

Non se pode negar a realidade, Sra. Pouso, non no ámbito tan delicado como é a Sanidade onde está en xogo a vida e o sufrimento das persoas.

O que me gustaría é que por favor non nos diga que gracias ó seu partido se mantén a sanidade pública cando foron precisamente vostedes quenes quebrantaron o sistema de saúde instaurado fai hoxe, precisamente 30 anos; establecendo copagos e sometendo mesmo á sanidade ó cumprimento do déficit cando se rescataban os bancos.

Ó tema aquí, para que nos entendamos, non é que as empresas privadas se enriquezan. O tema é que se garantice a sanidade pública, universal e de acceso gratuito para todos, pois, ben o que aquí prevalece é protexer a vida das persoas ante todo e ante todos. Sin mais nada manternos no noso solicitado.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que o iba a someter directamente a súa consideración si aceptaba a emenda pero, bueno, hai algunas cousas que non podemos deixar pasar por alto; ¿copago na sanidade española?, vostede o dirá pero eu non o vexo, de todas formas decirlle unha cousa a nós tocounos de vivir nunha época das vacas flacas e vostedes viviron na época da abundancia aquí en Galicia, e nos seus 4 anos de abundancia nin un solo Centro de Saúde, nin un Hospital, claro, decírnos a nós que chegamos nas vacas flacas e se inaugura o de Vigo, o de Pontevedra, xa se reformou o Canalejo, se puxo en funcionamento o de Lugo, se fixeron mais de 30 novos Centros de Saúde, estanse reformando os Centros de Saúde, estase aumentando o catálogo, claro, vostede lle chamará recorte pero hai que vivir có que se ten, e dentro do que se ten hoxe en día, podemos presumir dunha atención pública que xa quixeran as maiorías dos países do mundo, os que son moiísimo mais ricos que nós; e eso, non se debe ao partido Socialista, nin se debe a Cidadáns, nin se debe ao Bloque, nin se debe ao PP, se debe a un país que cree na súa sanidade pública con diferentes formas igual de xestión, de non deixala quebrar porque está claro que si o país iba como iba indo quebraba a sanidade pública, como a educación pública, como a axuda pública, con todo o que fora público, e polo tanto, o que se fixo foi salvar precisamente ese sistema, os xenéricos como outras muitas cousas.

O da Hepatitis C; creo que non merece moita contestación e que o tempo dará e quitará razóns, pero sabe vostede que a parte de que non entrara no seu momento no

catálogo de prescripcións comúns ás Autonomías, pois, as Autonomías que vostedes gobernaron non fixeron nada distinto do que fixo a Xunta de Galicia, polo tanto, non acusemos de cuestións que están ao marxe precisamente do que é a xestión da sanidade pública.

Dito eso, o que lle propuxo a Sra. Pouso, posto que o decreto ten outras cousas diferentes á que vostede practica, é cambiar a palabra derogar por modificar, e procurar o máximo consenso das forzas políticas parlamentarias, CC.AA., e seguir tal como vostede propuxo. Entón, vostede dirá si acepta a emenda.

A concelleira Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE) en termos de dúplica dí: que acepta a emenda.

**O Sr. Alcalde somete a votación:**

**Transaccional redactada da seguinte maneira:**

Modificar o Real Decreto Lei 16/2012 para restablecer a universalidade da cobertura do Sistema Nacional de Saúde e, procurando o máximo consenso de forzas parlamentarias e Comunidades autónomas, reformar a lexislación sanitaria para asegurar a sostenibilidade dun sistema sanitario público, universal, de calidade, gratuito, con equidade no acceso por parte dos cidadáns, cunha mesma carteira básica de servizos para toda a cidadanía nun marco de amplia descentralización.


Pásase á **votación ordinaria do asunto**, segundo a transaccional da concelleira Sra. Pouso Maneiro do grupo m. P.P., que a Sra. Basoco Mariño do grupo m. PSdeG-PSOE acepta, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra : ningún.
- Abstencións: tres (3) (tres dos concelleiros do grupo municipal C's).
- Votos a favor : dezaoito (18) votos (oito votos dos concelleiros do grupo m. PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e un voto da concelleira non adscrita).

Resulta aprobado, por maioria absoluta dos seus membros.

**O Pleno do Concello de Riveira**, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo, en sesión celebrada o día 20/04/2016, por maioria absoluta dos seus membros, **acorda**:

Instar ao Goberno de España a modificar o Real Decreto Lei 16/2012 para restablecer a universalidade da cobertura do Sistema Nacional de Saúde e, procurando o máximo consenso de forzas parlamentarias e Comunidades autónomas, reformar a lexislación sanitaria para asegurar a sostenibilidade dun sistema sanitario público, universal, de



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Re/ Secretaria Xeral Juan Manuel Salguero del Valle*

calidade, gratuito, con equidade no acceso por parte dos cidadáns, cunha mesma carteira básica de servizos para toda a cidadanía nun marco de amplia descentralización.

**7.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. PSdeG-PSOE PRESENTADA POR  
JOSÉ MANUEL VILAS ALVAREZ, INTERESANDO MELLORAS NO  
BARRIO DE CHURRIANA.**

O concelleiro Sr. Vilas Alvarez do grupo m. PSdeG-PSOE, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data 15 de abril de 2016 (rex entr. 15-04-2016, nº 4.260) do seguinte tenor:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O barrio de Churriana, situado en pleno centro urbán de Ribeira, é un dos cascos mais antiguos da cidade, adolece dunha falta de accesibilidade constatable, debido a ubicación dun muro de mampostería no medio da vía, que dificulta o acceso as vivendas construídas por detrás.

Nos casos de enfermidade grave, ou incendio, non pode acceder o servizo de ambulancia nin o de emerxencias; as dificultades para suministrar enseres básicos, mobles, electrodomésticos, materiales de obra para reformas, etc. son mais que evidentes.

Desde o grupo municipal socialista, pensamos que xa é hora de buscarlle unha solución a este grave problema veciñal, atendendo as sensibilidades da propiedade.

Facendo un recorrido por dita rúa, a dificultade constátase entre a vivenda nº 5, eo edificio de vivendas nº 7, debido a estreitez da vía, que pasa de ter un ancho duns 2,50 metros a escasos 70 cms., impedindo o acceso rodado de calquier tipo vehículo, aínda que sexa manual hacia as vivendas, que nun nº de 12 unidades están construídas a partir deste muro, duns 50 cms. de ancho con portal; o que significa o paso diario de mais de 35 residentes polo lugar.

Este muro pertenece a unha finca urbán duns 567 m<sup>2</sup>., según consulta catastral, correspondendo a referencia catastral nº 0814653NH0101S0001DX. Cunha cesión duns 7 m<sup>2</sup>. de terreno, a vía quedaría totalmente expedita ao tránsito, ea finca quedaría con 560 m<sup>2</sup>., polo que non mermaría en consideración, e tería incluso mellor acceso.

Tamén se constata entrando dentro da rúa, a falta de colocación de 6 luminarias led, xa que o vehículo de reposición e/ou operarios non pasaron polo lugar.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista insta ao Pleno da Corporación Municipal á adopción do seguinte **ACORDO**:

- 1.- Que por parte do Sr. Alcalde, se dictamine efectuar un informe técnico ao efecto.
- 2.- Que se proceda a contactar cos propietarios da finca, para poder chegar a un acordo amistoso de cesión, compraventa ou permuta, coa realización dun novo peche, na alineación das fachadas existentes e consolidadas. (Exem: Rúa das Escaleiras).
- 3.- Que se dote das luminarias que están sin repoñer en dita rúa.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 20/04/2016.

Abrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira M<sup>a</sup> Dolores Elorduy Callón (non adscrita) quen dí: decir que hai xa 9 anos, Sr. Vilas, chegada eu ao Concello, unha das primeiras persoas coa que eu fun a falar foi cós propietarios desta finca; recibín un no rotundo, e insistín, insistín; faleceu o propietario e falei coa heredeira, outro no rotundo, esto foi ao mellor 4 anos despois, pero agora me parece que chega vostede un pouco tarde porque creo que a miña compañeira daquí lle dixerón que sí. Entón, a partir de agora eso vaise a arranxar.

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) dí: IPdeR iba a decir dúas cousas nada mais; o último punto que é o de repoñer as luminarias o apoiámos e votamos a favor e os outros que non teñen sentido si o Sr. Alcalde non fai a xestión para conseguir a cesión. Nada mais, si xa está conseguida, pois, moi ben.

O concelleiro Juan José Chouza Sampedro (portavoz do grupo m. C's) dí: votaremos a favor.

O concelleiro Luis Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG) dí: decir que si é para que poidan atravesar esa rúa os vehículos de emerxencia estamos completamente dacordo e que tamén o tema da cesión que tamén se podería chegar a un acordo de compra, pero si temos información de que xa está cedido, pois, xa non se propón.

A concelleira Elvira Pereira Ageitos (grupo m. PP) dí: molesteime en traballar un pouquín; efectivamente, Churriana como vostede ben dí, Sr. Vilas, é un dos barrios mais antigos de Riveira, de ahí o seu entramado urbano e a súa dificultade de acceder ás vivendas con vehículo. Esta dificultade deriva da sua propia configuración.

Eu lle agradezo moitísimo o interés que mostra vostede polos veciños deste barrio presentando esta moción, o mesmo interés que ata agora xa tivemos tamén nós, non agora senón cando se fixo aquela famosa obra de remodelación, que se arranxaron as pluviais, as fecais, o empedrado, xa ahí no seu momento cando era concelleira Lola Elorduy xa se prestou atención a esa obra.

Contestando ao primeiro punto da súa moción; informarlle que no momento de dita obra se lle buscou solución a este problema, non solo en Churriana senón tamén na Amarela, que tamén sabe que na Amarela había que tirar a metade de casas para buscar solución. Púxose de manifiesto por parte dos Técnicos municipais a gran



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle*

dificultade que representaba o estreitamento puntual en certas zonas, impedindo o acceso rodado, non solo a ambulancias, senón tamén a vehículos particulares.

O muro de mampostería entre os inmobilés nº 5 e nº 7 agrava o tránsito nesta zona, totalmente dacordo, pero tamén é certo que o arranque ou entrada da rúa é de 3 metros escasos, un pouquín mais adiante hai a vivenda nº 5 que estreita en 2,50 m., unha ambulancia necesita 2,40 m. para poder pasar. Estou falando da matización según os informes dos Técnicos municipais. O derribar o muro non melloraría o acceso a unha ambulancia ou a un coche de bombeiros, pois, tal como apuntan dende os Servizos técnicos deste Concello, o radio de xiro tería que ser como mínimo de 3,50 m., senón o vehículo quedaría encaixado nese punto; sí podería acceder un coche de reducidas dimensións áinda que se atoparía a 30 m más adiante cun estreitamento de 1,60 m, por tal motivo terían que sair marcha atrás coa dificultade que eso conleva.

Sr. Vilas, ¿vostede coñece a rúa?. Como dí o Sr. Chouza sin acritude, non son eu quén para dubidar da súa capacidade, se lle presupón a vostede un nivel de coñecementos sobre esta materia derivada do exercicio da súa profesión, pero o seu metro non mide igual que o dos Técnicos municipais, vostede sabe que por ahí non pasa un coche de bombeiros, a mangueira sí. Non se pode confundir aos veciños. Na exposición da súa moción dí que a rúa con esta cesión queda totalmente expedita ao tránsito; non é verdade.

A propietaria do inmoble nº 5 cede coa condición de que se lle retranqueen os metros que se piden, os 7 metros, que se repoña o muro coas pedras que hai nas mesmas condicións en que está, e iso sí, ela accede pero que se lle repoña o muro coas mesmas pedras que ten. Douselle palabra de que si se cedia se lle iban a reposar as mesmas pedras e o portal; agora, tamén lle gustaría a esa señora que ten tan boa vontade, que cederan o resto dos veciños ao chegar ao embudo e así poder acceder con mais facilidade a tódalas vivendas. Pode vostede falar cós demais veciños a ver si ceden, que eu llo agradecería infinito. Si necesita algún informe Técnico téñoos aquí, os que pide vostede.

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) en termos de réplica dí: bueno, pois, si está conseguida a cesión, pois, alégrome un montón de que esta Corporación ou este equipo de Goberno, pois, sexa capaz de solucionar este problema, de acometer esa obra que realmente é perentoria para os veciños que alí residen, que teñen que levar os seus motores foraborda para dentro con carritos, e teñen que levar tamén o equipaxe, como electrodomésticos e demais obxetos.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que solo decirlle unha cousa, que son 7 metros e pico e o valor da obra é importante, espero que non veñan os veciños a pedir que despois poñamos o muro porque teñen que vir marcha atrás os coches.

Primeiro, o radio de curva é de 90 grados cunha estreitez importante que fai que furgonetas e camións de bombeiros non entren, pero despois non teñen onde xirar, có cal, van a ter que vir por ese mesmo sitio marcha atrás. Como dixo a Sra. Elorduy xa se levaba anos intentando porque é unha mellora para eses veciños á hora non tanto do tráfico como outras comodidades á hora de transportar calquer tipo de mercancía pesada, vámolo a intentar facer, pero que sepan que vai a sair caro.

Por outra parte, decir que as luminarias tal como xa comentei hai un mes estanxe reponendo todas as que faltaban, e polo tanto, non sei si a día de hoxe están todas postas xa, senón vanse a poñer porque no contrato así veñen na sustitución de todas elas.

**Pásase á votación ordinaria do asunto**, segundo a proposición do Sr. Vilas Álvarez, interesando melloras no barrio de Churriana, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinte e un (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, tres votos dos concelleiros do grupo municipal C's, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e un voto da concelleira non adscrita).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

**Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.**

**O Pleno do Concello de Riveira**, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 20/04/2016, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1.- Que por parte do Sr. Alcalde, se dictamine efectuar un informe técnico sobre o barrio de Churriana.

2.- Que se proceda a contactar cos propietarios da finca, para poder chegar a un acordo amistoso de cesión, compraventa ou permuta, coa realización dun novo peche, na alineación das fachadas existentes e consolidadas.

3.- Que se dote das luminarias que están sin reponer na rúa Churriana.

**8.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA ATA O DÍA 20 DE ABRIL DE 2016 (ART. 42 DO ROF).**

De acordo co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 123.1.a do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente da conta dos decretos asinados dende a derradeira sesión Plenaria Ordinaria.



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle*

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que os decretos firmados pola Alcaldía están a disposición ata a data 20 abril 2016 en secretaria xeral do Concello.

**O Pleno da Corporación Municipal queda enterado, non producíndose manifestacións nin opinións en contra.**

**9.- DACION DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E DO PERÍODO MEDIO DE PAGO GLOBAL SEGUNDO O RD 635/2014, RELATIVOS AO 1º TRIMESTRE DE 2016.**

Visto o informe conxunto do Interventor accidental Jorge González Mariño e do Tesoureiro Manuel Vicente Novo Lijó de data 19 de abril de 2016, asunto: “Informe”, expte: “Cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais”, que consta no expediente na sesión.

Vista a Proposta da Alcaldía “Asunto: Información sobre o Período Medio de Pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de Xullo. Correspondente ao primeiro trimestre de 2016”, de data 19 de abril de 2016, que consta no expediente na sesión.

**O Pleno da Corporación Municipal queda enterado, do informe conxunto do Interventor accidental Jorge González Mariño e do Tesoureiro Manuel Vicente Novo Lijó de data 19 de abril de 2016, asunto: “Informe”, expte: “Cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais”; e da Proposta da Alcaldía “Asunto: Información sobre o Período Medio de Pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de Xullo. Correspondente ao primeiro trimestre de 2016”, de data 19 de abril de 2016, non producíndose manifestacións nin opinións en contra, da proposta da Alcaldía de data 19 de abril de 2016, que se transcribe:**

**“ASUNTO: Información sobre o Período Medio de Pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de Xullo. Correspondente ao primeiro trimestre de 2016.**

A Disposición Adicional Primeira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de Control da débeda comercial no sector público (BOE nº 305, de 21 de decembro) refírese á “publicación do período medio de pago” das Administracións Públicas nos seguintes termos:

***“Disposición adicional primera. Publicación del período medio de pago.***

*Transcurrido un mes desde la entrada en vigor de esta ley todas las Administraciones Públicas y sus entidades y organismos vinculados o dependientes publicarán en su portal web su periodo medio de pago a proveedores e incluirán en su plan de tesorería inmediatamente posterior a dicha publicación las medidas de reducción de su periodo medio de pago a proveedores para cumplir con el plazo máximo de pago previsto en la normativa sobre morosidad”.*


Para a aplicación da previsión legal citada foi aprobado o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Para maior detalle práctico foi publicado na Oficina Virtual para a coordinación financeira coas Entidades Locais a “Guía para a cumplimentación da aplicación e o cálculo do periodo medio de pago das Entidades Locais, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo”, que contén os modelos e criterios para elaborar, publicar e remitir a información sobre o período medio de pago a provedores.

É necesario indicar que o período medio de pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é diferente na súa metodoloxía de cálculo, no seu procedemento e prazos de publicación e nas súas consecuencias prácticas, aos prazos de pago das facturas por operacións comerciais a que se refire a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para la elaboración dos informes trimestrais a que se refire a Lei citada foi publicado na oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais a correspondente Guía.

Finalmente, tamén é necesario calcular e publicar o período medio de pago a provedores a que se refire a Disposición Transitoria Décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, e para ese cálculo deben tomarse en consideración os criterios contidos na “Nota relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local” publicada na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Unha vez cumplimentada a aplicación posta a disposición polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas obtense a información sobre o período Medio de Pago a Provedores calculado cos criterios do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, que se indica a continuación, para o Concello de Riveira:



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

ORGANISMO	RATIO OPERACIONES PAGADAS	RATIO OPERACIONES PENDENTES PAGO	PERIODO MEDIO DE PAGO GLOBAL
CONCELLO DE RIVEIRA	8,45	(11,07)	2,53

Acompáñase como Anexo a información trimestral correspondente ao primeiro trimestre de 2016 sobre prazos de pago a que se refire a normativa sobre “morosidade” nas operacións comerciais.

Co fin de dar a máxima difusión posible á información de relevancia económica ou financeira do Concello e no cumprimento das normas de aplicación citadas considérase oportuno dar conta ao Pleno da Corporación do seguinte:

**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento dos resultados do Período Medio de Pago a Provedores calculado cos criterios do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, no Concello de Riveira para o primeiro trimestre de 2016.

**SEGUNDO:** Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, publicar a mesma na páxina web do Concello de Riveira.

Riveira, 19 de abril de 2016. O Alcalde, Asdo: Manuel Ruiz Rivas”.

**10.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 29-02-2016 DE  
APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO  
2015.**

Visto o decreto da Alcaldía de data 29 de febreiro de 2016 sobre a aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2015 do Concello de Riveira, que consta no expediente na sesión.

O Pleno queda enterado do seguinte Decreto dictado polo Sr. Alcalde con data 29 de febreiro do 2016:

“Ref. INTERVENCION/jgm

**DECRETO DA ALCALDÍA SOBRE A APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO  
ORZAMENTO DO EXERCICIO 2015 DO CONCELLO DE RIVEIRA**

**CONSIDERANDO** que se teñen rematado as operacións de peche e liquidación do Orzamento do Concello do exercicio 2015, tanto do Estado de Gastos como do Estado de Ingresos, e que na súa realización se tiveron en conta as prescripcións legais

contidas nos artigos 191 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e os artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

**CONSIDERANDO** que do peche e liquidación do Orzamento do Concello do exercicio de 20154 se desprenden os seguintes resumos e magnitudes principais:

#### LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

<b>LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS</b>	
Créditos orzamentarios iniciais	20.261.448,51
Modificacións orzamentarias	8.296.924,38
Créditos orzamentarios definitivos	28.558.372,89
Obrigas recoñecidas netas (netas)	23.522.394,46
Obrigas ptes de ordenar o pago	1.870.731,04

#### LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

<b>CONCELLO</b>	
Previsións iniciais	20.261.448,51
Modificacións	8.296.924,38
Previsións definitivas	28.558.372,89
Dereitos recoñecidos netos	25.783.794,35
Dereitos recoñecidos pendentes de cobro	3.072.216,68

#### RESULTADO ORZAMENTARIO


<b>CONCELLO</b>	
1	Dereitos recoñecidos (+) 25.783.794,35
2	Obrigas recoñecidas (-) 23.522.394,46
3	Resultado orzamentario (1-2) 2.261.399,89
4	Desviacións positivas de financiación (-) -323.419,11
5	Desviacións negativas de financiación (+) 642.239,39
6	Gastos finanziados con Remanente líquido de Tesourería 392.959,00
7	Resultado de operacións comerciais 0,00
8	Resultado orzamentario axustado (3-4+5+6+7) 2.973.179,17



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle



**REMANENTE DE TESOURERÍA**

CONCELLO		
1	Debedores pendentes de cobro (+)	12.613.234,17
2	Acreedores pendentes de pago (-)	4.123.461,09
3	Fondos líquidos a fin de ejercicio (+)	4.949.270,77
<b>4</b>	<b>Remanente de Tesourería (1-2+3)</b>	<b>11.025.385,19</b>
5	Saldo de dudoso cobro	8.704.358,04
6	Exceso de financiación afectada	323.419,11
<b>7</b>	<b>Remanente de Tesourería para gastos xerais</b>	<b>1.997.608,04</b>

Esta Presidencia, no uso das atribucións conferidas polo artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigo 90 do Real Decreto 500/1900, de 20 de abril, e visto o preceptivo informe emitido pola Intervención Municipal,

**RESOLVE:**

- **Primeiro.-** Aprobar a *LIQUIDACION DO ORZAMENTO DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015.*
- **Segundo.-** Remitir copia da Liquidación do Orzamento do Concello do exercicio 2015, así como do expediente da súa aprobación, á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia así como ao organismo correspondente do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto no artigo 193.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 91 do RD 500/90, de 20 de abril.

En Riveira, a 29 de febreiro de 2016. O Alcalde. Manuel Ruíz Rivas. “

**11.- MOCIONS DE URXENCIA.**

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que hai unha moción de urxencia presentada polo grupo C's, e que antes de incluíla na orde do día hai que díctaminar a urxencia.

Explica como está o tema por si decide retirala, si se da por satisfeita, sin que se vote a urxencia.

Por aclarar a tódolos presentes, a tódolos concelleiros, o que pide a Sra. Brión Díaz é que se insta ao Goberno deste Concello a que nun breve prazo de tempo, que consideramos que non debería sobrepassar do presente ano, busque a localización correcta para acometer esta obra, que obvia decir, debe contar coa maior accesibilidade posible, e ultime tódolos detalles para dar comenzo a súa construición. Estase referindo ao que é a terminal de autobuses. Bueno, decir que no que é o

entramado urbano, pois, a Portos se lle propuxeron varias alternativas, digamos, que as dúas mais viables, era unha que estaba enfrente prácticamente do mercado, votando para atrás aquel muro; e agora que xa temos claro o que vai a ser a utilización do espazo que está para os rederos, alí decirle que xa se remitiu a Portos de Galicia o lugar precisamente daquel aparcadoiro que había onde podía servir xa de entrada, en principio foi acollido favorablemente polo que son os Técnicos dalí, porque daría servizo á Lonxa e daría servizo tamén ao Náutico. Estamos á espera de que nos den a confirmación porque no que é o chan urbán non hai ningún chan que sexa propiedade do Concello, polo tanto, si esa é a proposta que se vai a facer, esperamos, e eu lles terei informado, si o que pretenden e outro lugar, eu accepto calquer outro lugar que pretendan, senón eu lles terei informado da contestación que nos den.

A concelleira M<sup>a</sup> José Brión Díaz (grupo m. C's) dí: nunha parte estamos dacordo coa súa localización pero quere ler a moción e que se poña en votación.

#### ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Seguidamente, segundo o establecido nos artigos 82, 83 e 91.4º do R.O.F., e no artigo 109.5 do R.O.M., o Sr. Alcalde, propón tratar na sesión do Pleno da Corporación Municipal, por motivos de urxencia a moción do grupo municipal C's, non incluída na orde do día:

#### MOCIÓN DO GRUPO M. C's PRESENTADA POR MARIA JOSÉ BRIÓN DÍAZ, EN RELACIÓN Á NECESIDADE DUNHA NOVA ESTACIÓN DE AUTOBUSES.


O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que necesita a declaración de urxencia e a votación para que poda ser tratado por este trámite.

Sométese a votación a aprobación da inclusión en Pleno deste asunto non dictaminado e non incluído na orde do dia, por razón de urxencia:

-Votos a favor: vinte e un (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, tres votos dos concelleiros do grupo municipal C's, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e un voto da concelleira non adscrita).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.



Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

O Pleno do Concello de Riveira, por unanimidade dos seus membros,



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle*

acorda:

Incluir no Pleno por urxencia a moción do grupo m. C's presentada por María José Brión Díaz, en relación á necesidade dunha nova Estación de Autobuses.

**Pásase a tratar o fondo do asunto:**

Vista a moción presentada pola concelleira do grupo municipal C's María José Brión Díaz de data (rex entr. 21-04-2016, nº 4.608), en relación á necesidade dunha nova Estación de Autobuses, que se transcribe:

“El Grupo Municipal Ciudadanos Ribeira (C's), a través de su Concejal Dña. María José Brión Díaz, de conformidad con lo previsto en el artículo 97 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las entidades locales, desea someter a la consideración del Pleno el siguiente asunto, para su debate y en su caso aprobación por el mismo.

### MOCIÓN

En estos momentos tan importantes de nuestra proyección turística e industrial, nos sentimos obligados a ofrecer unas instalaciones en consonancia al tiempo en el que vivimos. No podemos olvidarnos del papel tan necesario de una buena red de comunicación y transporte para el desarrollo de nuestro Concello.

Como bien es sabido por todos, el actual deterioro que presenta nuestra estación de autobuses, dista mucho de acercarse al nivel de unas instalaciones que toda ciudad como la nuestra, declarada Municipio Turístico, demanda para satisfacer las necesidades de nuestros vecinos así como de toda la gente que cada año nos visita y que, por un corto período de tiempo, se convierten también en vecinos nuestros.

Creemos que es una prioridad esta obra pública tan beneficiosa para el conjunto de la población, y que la misma no debe ser una reforma de la actual, en parte debido a que su ubicación, supone un considerable peligro para el tráfico rodado y en parte porque se necesita una mejora sustancial de la misma, que permita dotarla de nuevos servicios, como el de cafetería y aseos.

Por todo ello, este Grupo insta al Gobierno de este Concello a que en un breve plazo de tiempo, que consideramos no debería sobrepasar del presente año, busque la localización correcta para acometer esta obra, que obvia decir, debe contar con la mayor accesibilidad posible, y ultime todos los detalles para dar comienzo a su construcción.”

**Aberto o debate, desenvólvese así:**


A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) dí: IPdeR vota a favor.

O concelleiro Luis Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG) dí: primeiramente a min resultame curioso que cando se fala da estación de autobuses, moitas veces inténtase falar do turismo ou que somos declarados un Concello de interese turístico galego, entón, a min saeme a dúbida de que se non somos un municipio de interese turístico galego, pois, non teríamos dereito a ter unha estación de autobuses, nós dende o BNG pensamos que sí, que a estación de autobuses non a hai que facer só por intereses turísticos senon tamén por interese de movilidade e demais.

Dende o BNG entendemos que mellorar o transporte colectivo e as infraestructuras relacionadas con él, deben ser unha prioridade para todos e todas nós, unha prioridade có que vertebrar o noso territorio e tamén facilitar as comunicacíons e reducir o uso do transporte particular, ademáis conseguírase mellorar o uso de estacionamentos que tamén a veces é escaso. Esta maneira da falta de planificación da cidade é unha mostra de como o PP ao noso entender, pois, leva gobernando mais de dúas décadas sin unha boa planificación; o seu modelo é ampliar a cidade sendo imperioso unhos servizos públicos, unhas infraestructuras públicas, acordes ao nivel de poboación que temos.

Para facer un pouquiño de memoria, xa na época do noso ben querido compañeiro o voceiro Plácido Betanzos, xa se reivindicaba a construción dunha estación de autobuses para Riveira; actualmente Riveira non conta cunha estación de autobuses axeitada, conta cun apeadeiro que medianamente pode servir de estación de autobuses. Pois, ben, dende o BNG volvemos a mostrar a nosa predisposición e a tender a nosa man ao equipo de Goberno, para que se constrúa dunha vez a estación de autobuses. Recollemos esas palabras que mencionaba o Sr. Alcalde varias veces en varios plenos, de que estaría disposto a aceptar a axuda de calquera grupo; Sr. Alcalde, nós temos o noso compromiso de axudarlle a facer unha estación de autobuses, si así o considera oportuno ter a nosa axuda para que eso se materialice. Permítame que lle dea unha proposta, debe camiñar cara un modelo como é en Cangas; en Cangas existe unha estación intermodal, moitas veces falamos das intermodais das grandes cidades, con tren e bus, pero Riveira tamén pode ter un intermodal, hoxe en día Riveira non ten tren pero sí pode ter transporte marítimo, entón, entendemos que se debe camiñar cara a un modelo así, hoxe en día non temos transporte marítimo pero débese defender e débese priorizar este transporte porque así como na ría de Vigo existe un transporte marítimo entre as dúas beiras da ría, na ría de Arousa tamén podería ser posible, entón, a nós esta proposta parécenos moi boa e, polo tanto, todo o noso apoio. Tamén decirlle que a estación intermodal que nós propoñemos, ven se podería facer na ubicación que menciona o Sr. Alcalde, pero tamén queremos preguntarlle si xa ten esgotada a ubicación diante do mercado municipal e porqué si xa é así.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que toda a axuda que me podan dar é boa, pero o que me podían dar era un terreniño porque non o temos. Pedímosllo a Portos e Portos non protestou á primeira, entón, temos varias opcións que ademáis plantexamos; unha é onde está a actual, eu non o considero axeitado, entón, si ahí non é o lugar que eu considero axeitado, se lle propuxeron outros onde podía estar en





C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle*

tramo urbano porque volvo a repetir, Riveira non necesita unha estación de autobuses como tal porque non ten línea que veña dun lado a outro, aquí a xente o que está esperando é un autobús e moi rara vez ten que deixar un autobús e esperar outro autobús diferente, polo tanto, o que ten que ter é un sitio digno para esperar o autobús pero non é o típico dun lugar onde haia moitas líneas, e polo tanto, estamos buscando apeadero en suelo urbán porque si os poñemos fora de suelo urbán o que vamos a conseguir é que encarezamos aos ciudadáns, pois, o billete, porque virían de Santiago e os deixaría en Deán ou en Abesadas ou onde sexa e terían que...bueno, creo que o servizo empeoraría o actual, polo tanto, creo que todos estamos pensando nesa cafetería, nese lugar, onde podan estar alí esperando 50, 60, nun momento determinado 80 persoas por dous autobuses.

Outro que se lle propuxo foi votar para atrás esa zona enfrente do mercado, incluso teño o estudio tamén de facelo noutro lugar no parque, tampouco nos parecía un lugar axeitado, polo tanto, a última das opcións que é a que lle remitimos a Portos e que parece que vai por bó camiño, pois, é o lugar onde están os rederos agora, onde xa había unha parte que era para o Concello a través dun parque infantil. Entón, ahí é onde pensamos e, simplemente, decirle unha parte do escrito que lle enviei a Portos, que non habendo recibido contestación áinda, permito plantexarlle esta nova proposta, estamos falando deste lugar que lle digo, pois, ademais dese espazo que tradicionalmente viña sendo utilizado de pacto polo Concello, onde había un parque infantil no seu momento, o consideramos especialmente acaído, tanto pola súa proximidade cá nova lonxa como porque resultaría idóneo para prestar servizo a unha futura estación marítima. Polo tanto, estamos no mesmo que vostede plantexa, o que pasa é que estamos á espera, pero bueno, foi algo que sempre este Alcalde manifestou e me gustaría que si está nesa ubicación puidera servir para o propio.

**Pásase á votación ordinaria do asunto,** dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinte e un (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, tres votos dos concelleiros do grupo municipal C's, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e un voto da concelleira non adscrita).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

**Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.**

**O Pleno do Concello de Riveira**, vista a moción presentada pola concelleira do grupo municipal C's María José Brión Díaz de data (rex entr. 21-04-2016, nº 4.608), en relación á necesidade dunha nova Estación de Autobuses, por unanimidade

dos seus membros, acorda:

Instar ao Goberno deste Concello a que nun breve prazo de tempo, que consideramos non debería sobrepasar do presente ano, busque a localización correcta para acometer esta obra, que obvia decir, debe contar coa maior accesibilidade posible, e ultime tódolos detalles para dar comenzo a súa construción.

## 12.-ROGOS E PREGUNTAS.

Procédese a tratar os rogos e preguntas polo seguinte orde:

### Rogos.


1º.- Rogo do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdG-PSOE), sobre os problemas que houbo en Aguiño básicamente polas choivas. Tamén fala da rúa Miguel Rodríguez Bautista, Alcalde Fernández Bermúdez, Plaza de España, e un longo etc.

Que se faga saber desta incidencia á empresa constructora da canalización, a efectos de valorar, si existe un defecto na construción; ou si se pode solventar aumentando a potencia do bombeo desde o pozo de tormentas.

Que faga as xestións oportunas para que a empresa concesionaria do saneamento de Riveira, Viaqua, proceda ao mantemento e limpeza periódica das canalizacíons, arquetas e sumidoiros da rede de saneamento público.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que a segunda xa está contestada ao longo do pleno. A primeira decir que foron unhos días que como vostede sabe se abnegou media Galicia, en Riveira houbo problemas pero, básicamente, os problemas que houbo foron en Aguiño pero por unha cuestión, nestos momentos non está funcionando o que é o bombeo de Areeiros, todo o que é a auga de Carreira vai directamente a Aguiño ao Porto e, polo tanto, as bombas non están dimensionadas para esa dimensión. ¿qué se fixo?, se puxo unha bomba a maiores, provisionalmente, porque volvo a repetir, a auga de Carreira que debe ir a Areeiros estaba indo a Aguiño cando non está dimensionado eso, produxo esos inconvenientes, agora se dotou dunha nova bomba e prácticamente o que foron os problemas foi nun baixo onde tamén se lle puxo outro bombeo a maiores, polo tanto, non debía dar mais problemas incluso na situación actual pero, en todo caso, unha vez que empece o bombeo de Areeiros eu creo que estarán definitivamente solucionados e non teñen nada que ver con ningún defecto ou incidencia da nova obra.

2º.- Rogo do concelleiro concelleiro Manuel Antonio García Pérez (grupo m. PSdG-PSOE), sobre que por parte de quen corresponda, dentro do Departamento de



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Reff/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle*

Tráfico e Seguridade Vial, ou Alcaldía, se faga unha verificación-rectificación sobre a supresión dun paso de peóns entre a rúa de Sálvora e a rúa Francisco Lorenzo Mariño, e que dentro da maior brevedade, se volva a establecer dito recorrido.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que esperamos que xa no próximo mes de maio que podan entrar a pintarse, non solo ese senón todos os do Concello, para estar durante ese mes xa todos solucionados.

3º.- Rogo do concelleiro concelleiro Manuel Antonio García Pérez (grupo m. PSdeG-PSOE), sobre que por parte de quen corresponda, dentro do Servizo de Limpeza, ou Alcaldía, se faga un requerimento á empresa concesionaria para que efectúe regularmente a limpeza no barrio do Cochón, situado dentro do casco urbán de Riveira.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que o único que podemos facer é que se cumpra o contrato.

4º.- Rogo da concelleira Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE), sobre que por parte de quen corresponda, se proceda a efectuar o cambio da situación dos contedores que están á altura do nº 68-70 da Avda da Coruña que están antes do paso de peóns, para facilitar a visibilidade e o tránsito diario có fin de evitar calquera tipo de incidente no lugar.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que vamos a ver si é posible poñelo despois porque non tería dificultade porque alí xa non hai vehículos; eso se lle transmitiu á empresa concesionaria.

5º.- Rogo do concelleiro Xosé Antón Parada Fernández (grupo m. BNG), sobre consonte o acordo unánime do Parlamento de Galiza de 29 de abril de 2015, que o Concello de Riveira estableza un programa de actividades conducentes a promocionar e divulgar a toda a cidadanía riveirense o coñecemento do encomiábel labor da organización Irmandades da Fala, animada polo propósito de traballar pola consecución dunha Galiza máis culta, libre, xusta e comprometida consigo mesma, para así promocionar o ano 2016 como ano das Irmandades da Fala. Que o Concello de Riveira colabore coa administración pública e coas asociacións, organizacións, colectivos e entidades da contorna para difundir a historia das irmandades da Fala e o seu contributo ao traballo pola lingua e culturas galegas. Que, nesta liña de promoción da lingua e da cultura galegas, o Concello de Riveira se subscriba ao Semanario “Sermos Galiza”, como única publicación que existen enteiramente en galego e debedora do Idearlum propio da Irmandades da Fala.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que como lle dixen vai a ser aprobado pola Xunta Local de Goberno que era da promoción do ano 2016, como ano das Irmandades da Fala, e así vai a seguir sendo.

6º.- Rogo do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m.

PSdeG-PSOE), sobre que por parte de quen corresponda, Tráfico ou Alcaldía, se fagan as xestións pertinentes para proceder á mellora do peralte da curva (saída da curva do depósito da auga, para enfiar a recta de San Roque – dirección Carreira), facéndolle saber a Deputación da Coruña, ou a quen corresponda, para solucionar este apurado problema de circulación na vía pública citada. Que se reforce, mentres tanto, a sinalización vertical desta peligrosa curva.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que está falando na inmediación do que é o desvío do Castro da Cidade ou do mirador da Pedra da Rá, cerca do Parque de San Roque, onde tanto para un lado como para o outro se van os coches. Decir que xa lle enviei varias comunicáns á Deputación, incluso falei persoalmente có Sr. Pedro Calvo Enxeñeiro Xefe, eu a min me gustaría que o solucionara dunha vez porque é un problema importante do cal ten coñecemento a Deputación, a de agora que a gobernan vostedes e a de antes que a gobernábamos nós.

7º.- Rogo do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE), sobre ante a contratación por parte do Concello de Riveira en Xunta de Goberno Local, da empresa Valora Consultores de Gestión, S.L., para elaborar un Plan de Turismo 2016-2020. ¿Qué por parte de quen corresponda, Departamento de Turismo, ou Alcaldía, se faga chegar á empresa contratada a nosa proposta dentro xa do Plan de Acción no 2016, da posta en valor da nosa embarcación de referencia A DORNA, para potenciar o seu uso e disfrute, como embarcación de recreo-pesca, ofertando viaxes turísticos a vela, remo ou motor pola ría de Arousa, contando sempre coa inestimable colaboración dos propietarios e as entidades que fomentan a súa divulgación e supervivencia; considerándoa idónea como referente de Riveira no exterior, e dunha potencia turística similar a localidades como Aveiro. Significar tamén, a construción do Museo do Mar, nesta localidade mariñeira por excelencia.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que esta empresa é unha empresa das boas de Galicia, incluso fixo para a Xunta toda a promoción do camiño e que o ganou nun procedemento negociado onde se fixo un prego; non é que se lle dera por contrato menor a estos senón có prego correspondente. Cando a empresa tamén esté por aquí lle trasladarei as súas inquietudes á empresa.

8º.- Rogo do concelleiro Luis Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG), sobre que o Concello de Riveira mellore o firme e o ancho da corredoira lateral do Hospital do Barbanza habilitando zonas de estacionamento. Habilitar unha cuneta coa que desaloxar a auga.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que saben que a corredoira, é unha corredoira que da todo con fincas privadas e que, polo tanto, hai cesións ou pouco vamos a facer; e como mellorremos moito a cuneta, pois, ao final non pasan nin dous coches. Vamos a intentar melloralo pero as prioridades deste Concello, unha vez que teñamos os números do presuposto, pois, as van a definir todos vostedes.



C O N C E L L O  
D E  
**R I V E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Ref: Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle*

- Preguntas.

1º.- Pregunta do concelleiro Luis Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG), sobre o paseo do río Artes, ¿Qué o Concello de Riveira inicie as xestións oportunas ante a Xunta de Galiza, propietaria da estrada, para dotar dun paso de peóns ou dun paso elevado/soterrado ao paso fluvial do río Artes ao seu paso por Oleiros, no lugar da Gándara?. Instalar algúns sinais indicativos do percorrido do paseo fluvial do río Artes na mesma zona. Instar á Xunta de Galiza a que dote duns cantes metros de beirarrúa a marxe esquerda da estrada AC-550 no lugar da Gándara, en Oleiros para poder salvar a varanda de protección.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que o paseo, nestos momentos, estamos redactando o proxecto para dotar dunha maior accesibilidade, non solo para mellorar a sinalización, hai algún lugar que a arrancaron, por exemplo, cerca do Muiño de Correa, pero tamén estamos facendo o proxecto non para ampliar esas beirarrúas senón para poder pasar por debaixo da ponte, polo tanto, non habería que subir á estrada e se cruzaría directamente polo arco que ten por abaixo. Por certo, na zona en que vamos a volver a reposer o firme, vaise a poñer con material mais sólido para que non o volva a levar, e si non o puxemos na primeira intentona é porque non nos deixaron, agora parece que sí e así o vamos a facer.

2º.- Pregunta da concelleira Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE), sobre ¿cal é o motivo que xustifica o retraso no cobro da subvención dos clubs deportivos do noso Concello?. ¿Cál é a fórmula prevista de pago; a través de convenio ou subvención?

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que eu creo que ao final deste mes está a liquidación aprobada e xa se vai a poder, este mes que entra, pagar; ahí a verdade é que houbo por motivo das eleccións, por motivo dunhas negociacións que estaba facendo o anterior concelleiro de deportes para poder chegar a un acordo de subvencións nominativas, o cal, cando se informaron pasou a anualidade e cometemos ese erro por decilo así, que retrasou o pago e que, polo tanto, non había mais remedio que esperar á liquidación para poder incorporar eso, e ao final, os clubs están informados e prácticamente van a ir a do 15 e 16 xuntas.

3º.- Pregunta da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), sobre unha factura de 93,50 euros por honorarios médicos por un accidente en patinaxe, e pregunta ¿O Concello non ten algún tipo de seguro para facerlle frente a estes accidentes?

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que o seguro á Mutualidade era bastante mais caro que a matrícula, entón, se lle fai constar na matrícula e en coñecemento de todos, que a primeira consulta é a que faga o Concello e o resto, pois, tense que facer cargo o usuario, polo tanto, a primeira consulta dalgunha das actividades que temos, natación escolar ou esta, bueno o outro o cubre o


seguro escolar; algún cursillo de natación ou patinaxe o Concello o único que se compromete é á primeira consulta.

4º.- Pregunta do concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG), sobre ¿Estanse realizando controis periódicos do estado hixiénico do local de ensaio e revisións do material que hai na dependencia. Que medidas ten pensado o grupo de Goberno para solucionar as deficiencias?

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que ahí vamos a facer Regulamento porque parece que non coidan nin o seu. Se fai unha reforma, se pon mais ou menos en condicións e pasa o tempo e de novo. Vamos a facer un Regulamento, vamos a poñer cámaras, vamos a intentar de novo poñelo ao 100% a vixiancia porque é unha cousa que é de servizo deles e eles debían ser os que autoxestionaran e non hai forma. A limpeza poñerase en coñecemento da empresa concesionaria as eivas que alí poida ter.

**Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinte e duas horas e trinta minutos, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifíco.**

Riveira, 25 de abril de 2016

O Alcalde.  
  
M.R.  
Manuel Ruiz Rivas.

Dou fe. O secretario xeral.

  
Juan Manuel Salguero del Valle.  
